

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 11 de maio de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Carlos López Font

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e dous minutos do día once de maio de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Calvió Rodríguez, por ausencia da Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(609).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 24 de abril de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(610).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR PARA O CONFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLO CONCELLO DE VIGO NO ANO 2009. EXPTE. 41508/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas de Servizos Sociais, do 6.05.09, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la solicitude de subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde de 1 de abril de 2009, para o cofinanciamento da prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2009; o importe da prestación dos Servizos Sociais por parte do Concello de Vigo ascende a un total de 5.589.333,40 euros, dos cales a achega municipal será de 1.872.426,69 euros, e o importe máximo da subvención que se solicite, de 3.716.906,71 euros”

Asimesmo estarán destinados a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano 109.200 euros, dos cales 36,400 euros corresponden á achega municipal e 72,800 euros á subvención solicitada.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal, consonte co artigo 11º da Orde citada.

**3(611).- DECLARAR DESERTA A SUBHASTA DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 75939/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 29.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserta a enaxenación de restos de vehículos do depósito municipal (expte 75939-210 ) por ser tódalas ofertas presentadas inferiores o prezo de 70 euros tonelada fixada como prezo no acordo da Xunta de Goberno de 27.03.2009.

**4(612).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE DIVERSAS ÁREAS DE INTERÉS PATRIMONIAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 18632/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 16.04.09, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, con data 7 de agosto de 2006 acordou adxudicar a empresa 2Servicios Mediambientales Forsai, S.L.", a contratación dos servizos de conservación e reposición de diversas áreas de interese patrimonial dentro do termo municipal de Vigo, por un importe de 49.142,24 euros/ano.*

*Na cláusula 4º, do contrato establece que o prazo do contrato será de dous anos, prorrogable por periodos anuais ata un máximo de dous.*

*Na cláusula 3.2 do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación establece, entre outras, que os prezos do contrato serán obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no apartado 9.2 da FEC. A súa aplicación atérase ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCAP.*

*Nos apartados 9.1 e 9.2 da FEC, determina que procederá a revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas. As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediata anterior.*

*Tal como manifesta a entidade solicitante, o prezo do contrato atopase sin revisar dende o ano de adxudicación, polo que os períodos a revisar serán dende o 1 de outubro de 2007 ó 30 de setembro de 2008 e dende o 1 de outubro de 2008 a 30 de setembro de 2009.*

*Para o cálculo da mesma aplicaríase o incremento do IPC setembro 2006/2007 e setembro 2007/2008, que según informe do INE foi de 2,7% e 4,5% respectivamente, ó prezo inicial do contrato ( 49.142,24 euros) e á revisión deste, obteríase o prezo revisado para cada un dos períodos:*

- 49.142,24 x 1,027 = 50.469,08 euros/ano ( 01/10/2007-30/09/2008).*
- 50.469,08 x 1,045 = 52.740,19 euros/ano ( 01/10/2008-30/09/2009).*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O*

*Primeiro.- aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de conservación e reposición de diversas áreas de interese patrimonial dentro do termo municipal de Vigo, adxudicado a empresa "Servizos Mediambientales FORSAI S.L.", fixando éste para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008, na cantidade de 50.469,08 euros/ano.*

*Segundo.- aprobar a revisión de prezos do contrato de referencia para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2008 e o 1 de outubro de 2009, fixando éste na cantidade de 52.740,19 euros/ano.*

*Terceiro.- Recoñecer á empresa en concepto de atrasos pola diferenza entre o prezo revisado e o prezo facturado 1.326,84 euros do período outubro 2007/setembro 2008 e 1.798,98 euros do período outubro 2008/marzo 2009.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**5(613).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DOS CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 1699/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 24.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, de data 26 de xuño de 2006, acordou adxudicar a Securitas Seguridad España, S.A. a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Cívicos, por un importe anual de 75.000 € . (Expediente 922/321).*

*O Prego de cláusulas administrativas dispón, na súa cláusula 2.3.1, que o prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 7.1.2 da FEC (“Duración do contrato: dous anos”), e que, o dito prazo, poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 7.3 da FEC: “Prórroga do contrato: Si. 7.3.1. En caso afirmativo duración: dous anos, prorrogable ano ano”*

*O contrato, asinado con data de 10 de outubro de 2006, dispón, na súa cláusula 4ª, que “o prazo comezará o 1 de xullo de 2006, e terá unha duración de dous anos, podéndose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de dous”.*

*A Xunta de Goberno Local, de data 26 de novembro de 2007, acordou:*

*Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de vixilancia dos centros cívicos, adxudicado á empresa Securitas Seguridad España S.A., establecendo o mesmo, a partir do 1 de xullo de 2007, na cantidade de 76.800,00 €. (Expte. 1345/321)*

*A Xunta de Goberno de data 10 de marzo de 2008 acordou:*

*Prorrogar o contrato da prestación do servizo de vixilancia e seguridade nos centros cívicos para o periodo 01-07-2008 a 30-06-2009 por un importe de 76.800 € máis a revisión de prezos que corresponda. (Expte. 1487/321)*

*A Xunta de Goberno Local, do 21 de novembro de 2008, acordou:*

- *Aprobar a revisión de prezos do contrato de vixilancia dos centros cívicos, establecendo o mesmo, a partir do 1 de xullo de 2008 ata o 30 de xuño de 2009, na cantidade de 80.640,00 €. (Expte. 1592/321).*

*O xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá propón a prórroga do contrato xa que na actualidade os servizos de vixilancia dos Centros Cívicos, se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a: conexión á central receptora de alarmas do adxudicatario, das alarmas existentes nos centros e instalacións anexas obxecto do contrato; sectorización da alarma existente no Centro Cívico de Coruxo; catro visitas de mantemento a cada un dos locais entre as 21:30 e 09:30 horas, tódolos días do ano; unha visita de mantemento entre as 10:00 e as 21:30 horas, os sábados, domingos e festivos; e o servizo de resposta inmediata ante calquera incidencia.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prórroga para o periodo comprendido entre o 01-07-2009 ó 30-06-2010 do contrato para a prestación dos servizos de de vixilancia dos Centros Cívicos que foi adxudicacado a*

Securitas Seguridad España, S.A. Por acordo da A Xunta de Goberno Local, de data 26 de xuño de 2006 .

O importe da prorroga será de 80.640 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4631 227.01.00 de acordo coa seguinte distribución: 40.320 euros no ano 2009 e 40.320 euros no ano 2010.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(614).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓNS DOS SERVIZOS DOCENTE TIC PARA O PROXECTO VIGO DIXITAL. EXPTE. 1698/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 24.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, de data 9 de xuño de 2008, acordou adxudicar a FUJITSU SERVICES, S.A. A contratación dunha docente TIC para o Proxecto Vigo Dixital, por un importe anual de 49.300 € . (Expediente 1435-321).*

*O Prego de cláusulas administrativas dispón, na súa cláusula 2.3, que o prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 7.1.2 da FEC (“Duración do contrato: Un ano contado a partir da adxudicación”) e que, o dito prazo, poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 7.3 da FEC: “prórroga do contrato: Si. 7.3.1. En caso afirmativo duración: un ano máis.*

*O contrato, asinado con data de vinte e un de xullo de 2008, dispón, na súa cláusula 4ª, que o prazo do contrato será de un ano, prorrogable por outro mais.*

*O xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá propón a prorroga do contrato xa que na actualidade os servizos da docente TIC, para a xestión da plataforma Aula virtual de apoio educativo “AVAE”, do proxecto “Vigo Dixital”, se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a: formación de usuarios e usuarias da plataforma; busca e catalogación de contidos educativos no repositorio de uso xeral; preparación, entrega e recollida dos equipos informáticos e de comunicación no hospital ou enderezo dos usuarios da plataforma; copia e remisión dos traballos dos nenos e nenas; xestión de usuarios e autenticación, control de accesos á plataforma; e coordinación e apoio no uso e potencialidade de AVAE .*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-08-2009 ó 31-07-2010 do contrato para a prestación dos servizos dunha docente TIC para o Proxecto Vigo Dixital que foi adxudicacado a FUJITSU SERVICES, S.A. Por acordo da A Xunta de Goberno Local, de data 09 de xuño de 2008 .*

*O importe da prorroga será de 49.300 Euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4631 227.06.11 de acordo coa seguinte distribución: 20.541,67 euros no ano 2009 e 28758,33 euros no ano 2010.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(615).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes técnicos, os informes de Intervención Xeral e de acordo coa informes proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a Sercoysa S.A. as seguintes fianzas :

- Fianza por importe de 2.247,63 € constituída para responder das obras de instalación da nova rede de abastecemento de auga xa que foron recibidas mediante acta de 5.11.07 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2625/241.
- Fianza por importe de 18.627,68 € constituída para responder das obras do modificado nº 1 do tramo urbán da Avda. do Aeroporto xa que foron recibidas mediante acta de 11.02.08 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2636/241.
- Fianza por importe de 96.415,72 € constituída para responder das obras do tramo urbán da Avda. do Aeroporto xa que foron recibidas mediante acta de 11.02.08 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2637/241.

b) Devolver a Tasoga S.L. a fianza de 4.515,20 € constituída para responder da xestión das ludotecas de Coia e Casa da Xuventude xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2614/241.

c) Devolver a Movexvial S.L.as seguintes fianzas:

- Fianza por importe de 875,13 € constituída para responder das obras no entorno de Vigozoo, xa que foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 43815/250.
- Fianza por importe de 30.276,61 € constituída para responder das obras da 3ª fase da humanización da rúa Urzáiz xa que foron recibidas por executarse conforme as

condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2521/241.

d) Devolver a Construcciones Cardeñoso S.L. a fianza por importe de 6.659,28 € constituída para responder das obras de reforma de local para UBAS de Teis xa que foron recibidas por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2346/241.

e) Devolver a Ingebaires S.L. a fianza de 2.400 € constituída para responder da redacción do proxecto de mellora ambiental do río Lagares, xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2628/241.

f) Devolver a Petra S.L. a fianza de 1.198 € constituída para responder da redacción do proxecto de remodelación da rúa Teófilo Llorente xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2620/241.

g) Devolver a Internacional Periféricos y Memorias España S.L. a fianza de 2.280 € constituída para responder da subministración dun sistema de almacenamento en rede xa que foi recibido mediante acta do 12.06.06 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2615/241.

h) Devolver a Rosenbauer Española S.A. a fianza de 23.920 € constituída para responder da subministraición de vehículo autoescaleira xa que foi recibido mediante acta do 15.04.05 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. 2629/241.

i) Devolver a E-Cultura. Net S.A. a fianza de 1.198 € constituída para responder da confección do Plan de patrocinios para as festas de Vigo xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3087/335.

k) Devolver a Productos y Mangueras Especiales S.A. a fianza por importe de 3.249,07 € constituída para responder da subministración de vestiario para o persoal municipal, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2626/241.

**8(616).-       FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS 2009. EXPTE. 11587/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da programación, do 28.04.09, conformado polo xefe de Departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

*O concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, resolveu con data 28 de abril de 2009 que polo departamento de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación dos prezos de venda de entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Jazz Imaxina Sons (do que se inclúe copia no expediente), de acordo cos seguintes criterios:*

- *Concertos celebrados no MARCO: 2 €.*
- *Concertos celebrados no Teatro Salesianos: 3 €*

*Os concertos que teñan lugar no Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova, ao estaren dentro do convenio de colaboración Concello de Vigo-Caixanova, e asumir eles directamente o gasto, terán prezos fixados por Caixanova e non repercutirán nas arcas municipais.*

*O resto dos concertos (Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música, Praza do Rei e clubs) serán de entrada libre até completar aforamento.*

*O concelleiro formula a proposta de prezos simbólicos polas características dos seus destinatarios e tamén en función dos prezos que se viñan fixando en anos anteriores para os mesmos casos.*

*As entradas serán postas á venda a través do servizo de SVE de Caixanova en virtude do convenio asinado entre as dúas entidades.*

*Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA.-**

*Que se autoricen os prezos de venda ao público das entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Música de Vigo Are More 2008, de acordo co seguinte detalla:*

<i>CONCERTOS</i>	<i>PREZO</i>
<i>Salón de actos do MARCO</i>	<i>2 €</i>
<i>Teatro Salesianos</i>	<i>3 € euros</i>

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(617).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2008/2009. EXPTE. 8404/333.**



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 14.01.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2008/2009, que de seguido se transcriben, e os anexos que constan no expediente.

2º.- Autorizar o crédito de 578.500,00€ (Cincocentos setenta e oito mil quinientos Euros) con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do vixente orzamento.

*Bases e Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2008/2009.*

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas e a Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva.*

*En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consignan, na partida orzamentaria 4521.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 578.500,00€ (Cincocentos setenta e oito mil quinientos Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiación da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.*

*A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

*As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.*

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

*O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva.*

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado corresponden ao funcionamento da entidade, os ocasionados pola actividade propia desta e os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas, tales como os gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamento e comidas, arbitraxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, compras de material como balóns, útiles deportivos, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da temporada 2008/2009, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estos de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización en eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.*

*A tempada deportiva 2008/2009 estará definida para cada modalidade deportiva en función do informe das respectivas federacións e data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe que se adxuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 578.500,00 euros (cincocentos setenta e oito mil quinientos euros) que se faran efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2009; 4521.489.00.00 “Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se den as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*Estas subvencións serán compatibles con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

#### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

*1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan persoalidade xurídica, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.*

2.1. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

2.2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2007/2008/2009.

2.3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4. Os solicitantes deberán acreditar que se achan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

5. Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se achan ao corrente das súas obrigas pra co Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

#### SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitud.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para a no procedemnto de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1.	Relevancia da modalidade deportiva e nivel das competicións en que participen os equipos ou deportistas integrantes do entidade deportiva.	Ata 30 puntos
a.2.	Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local.	Ata 10 puntos

b) Promoción do deporte base:

b.1.	Promoción da actividade deportiva na base; teranse en conta proxectos de colaboración asinados con centros educativos para o desenvolvemento de programas deportivo-educativo.	Ata 10 puntos
b.2.	Número de equipos e/ou deportistas de categoría feminina.	Ata 10 puntos
b.3.	Número de equipos e/ou deportistas ata categoria xuvenil.	Ata 10 puntos

c) Estrutura da entidade deportiva:

c.1.	Gastos en aluguer de instalacións deportivas.	Ata 15 puntos
c.2.	Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados.	Ata 8 puntos
c.3.	Número de técnicos titulados no proxecto global do club. Na valoración deste criterio terase en conta a presentación das copias compulsadas dos títulos dos monitores/entrenadores aos que se desexa incluír na valoración, xunto con unha certificación asinada polo secretario do clube no que se constate o proxecto/equipo ao que se vincula cada monitor, coa sinatura e o Vº Bo do monitor.	Ata 5 puntos

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade.

Os datos a puntuar corresponderán as actividades da tempada 2008/2009.

#### OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.

#### NOVENA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuren nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:

I.1	Instancia de solicitude da subvención.
I.2	Certificado das competicións e categorías nas que participa.
I.3	Orzamento de Ingresos.
I.4	Orzamento de gastos.
I.5	Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas.
I.6	Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
I.7	Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade.
I.8	*Só para entidades que non teñan solicitado nin concedida ningunha subvención.

- Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia — e coa seguridade social.
- Certificado orixinal ou copia compulsada da Federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría.
- Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e as que organizan, etc.(Competicións nas que participa, nº de equipos e/ou deportistas, categorías, desprazamentos, torneos ou competicións nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...)

**DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

#### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

*Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*Publicidade das subvencións concedidas.*

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

*Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.*

*Publicidade do financiamento público.*

*As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

*A Concellería de Deportes será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta porlo concelleiro de Deportes, o xefe de Servizo da Área de Deportes e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.*

*A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificárase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

*Trascorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

*Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

*As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 9 de outubro de 2009 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Trascorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se conrreran causas que o xustifiquen.*

*Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:*

*Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto deportivo como económico (Incluiranse o datos referentes ós gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).*

*Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):*

II.1	<i>Conta Xustificativa-Relación de facturas presentadas como xustificación.</i>
II.2	<i>Certificado da veracidade das actividades realizadas.</i>

II.3	<i>Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.</i>
II.4	<i>Declaración responsable do solicitante de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).</i>

Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- *As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

2º.- Importe xustificativo: *Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.*

3º.- *Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.*

4º.- *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.*

5º.- *Instalacións Deportivas Municipais: En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

6º.- *Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*

7º.- *Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no*



*estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.*

#### **DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencions.*

#### **DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.**

*O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia.*

#### **DÉCIMO NOVENA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES.**

*Pérdida do dereito ao cobro:*

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencions de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá*

*a perda do dereito a súbvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:*

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

#### **VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**10(618).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2009. EXPTE. 8439/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.04.09, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 29.04.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación das bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2009”, que de seguido se transcriben, e os anexos que constan no expediente.

2º.- Autorizar o crédito de 200.000,00€ (Dous centos mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2009”.

Bases e Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a organización de eventos e actividades deportivas durante o ano 2009.

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas e a Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva.*

*En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo para a organización de eventos deportivos, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consignan, na partida orzamentaria 4521.489.00.01 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2009”, un crédito por un importe total de 200.000,00€ (Douscentos mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiación dos eventos deportivos organizados na cidade de Vigo no ano 2009, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.*

*A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

*As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.*

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

*O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuir a financiar os gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo durante o ano 2009.*

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado corresponden aos ocasionados pola organización dos eventos e actividades deportivas propostas, tales como os gastos federativos, viaxes, aloxamento e comidas, arbitraxes, alugamento de instalacións deportivas, compras de material deportivos e útiles deportivos, material de oficina, gastos de publicidade, trofeos, premios, etc. En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados pola organización do evento ou actividade subvencionada para o cumprimento dos seus fins, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estos de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados por todos os eventos organizados pola entidade no ano 2009.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 200.000,00 euros (Douscentos mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria para 2009; 4521.489.00.01 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro para a organización de eventos no ano 2009”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se den as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.*

*No caso de que a suma de todas as subvencións supere o crédito total previsto, se rebaixarán proporcionalmente ata encaixarlas no crédito do ano 2009.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

#### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

*1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan a actividade ou evento deportivo a subvencionar na cidade de Vigo, teñan persoalidade xurídica, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.*

*2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:*

- As entidades que teñan fin lucrativo.*
- As entidades deportivas que teñan carácter profesional.*

- *As entidades deportivas as que, o Servizo de Deportes do Concello de Vigo, lles outorgue trofeos polo importe da subvención con cargo ó orzamento de 2009.*
- *As entidades deportivas organizadoras de eventos deportivos habituales no calendario deportivo de Vigo, que polas súas peculiaridades, repercusión social e relevancia, sexan desvoltas co Concello de vigo a través dun convenio de colaboración entre ambas partes.*

*3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

*4. Os solicitantes deberán acreditar que se achan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*5. Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se achan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.*

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

*Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:*

*1º.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*

*2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*

*3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*

*4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*

*5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

*Os datos a valorar corresponderán aos eventos e actividades realizados durante o ano 2009.*

*Os criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte;*

*1- Eventos de ámbito internacional:*

- *Pola difusión da imaxe da cidade: ata un máximo de 30.000 Euros.*
- *Pola importancia deportiva do evento: ata un máximo de 30.000 Euros.*

2- Resto do eventos:

- **Polo ámbito do evento:**

1. *Eventos de ámbito estatal (Final de campionato de España ou similar): Ata un máximo de 12.000 Euros.*
  2. *Eventos de ámbito galego (Campionato de ámbito Galego ou similar): Ata un máximo de 3.000 Euros.*
  3. *Eventos de ámbito provincial ou local: Ata un máximo de 2.000 Euros.*
- *Importancia do evento ou actividade deportiva para a cidade: ata un máximo de 6.000 Euros (valorarase a repercusión que tivo ou pode ter a actividade para vigo, en aspectos como a imaxe da cidade, repercusión deportiva...)*
  - *Importancia social do evento. Ata un máximo de 3.000 Euros*
  - *Número máximo de participantes (real ou previsto): Ata un máximo de 3.000 Euros.*
  - *Pola potenciación do deporte feminino ata un máximo de 12.000 Euros. Teranse en conta as actuacións que se desenvolvan a favor do deporte feminino con espècial relevancia nos deportes que teñan un marcado carácter masculino.*
  - *Pola difusión da imaxe deportiva da cidade. Ata un máximo de 6.000 Euros, terase en conta a colocación e inserción do llogo institucional do Concello de Vigo, tanto na equipaxe como nos elementos deportivo. Para a avaliación teranse en conta as características de cada modalidade deportiva.*

3- *Polo fomento do uso do galego nos medios de difusión e comunicación do evento. Os eventos subvencionados que utilizen o Galego nos soportes de comunicación (carteis, dipticos, anuncios, locución e megafonia, web, etc), recibiran un incremento dun 10 % sobre as aportación que lles correspondan en función da catalogación dos mesmos nos apartados 1 e 2 destes criterios.*

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.**

*O importe total máximo destinado a estas subvencions distribuirase entre as entidades deportivas que sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencions por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, e sexan valoradas como susceptibles de acadar unha subvención pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2009 en función da valoración nos criterios previstos no apartado anterior.*

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*O procedemento para a concesión destas subvencions será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

**DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

*O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común. Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- Modelos dos cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes o anexo I.

Anexo I.1: Instancia de solicitude.
Anexo I.2: Ficha de características do evento. Proxecto cos datos referentes ó evento para o que se solicita a subvención, características xerais, categoría do evento, número de deportistas participantes, e de selo caso, de equipos participantes, así como os aspectos máis salientables en relación coa importancia do evento.
Anexo I.3: Orzamento de ingresos do evento. Certificado do secretario/a ou tesoreiro/a da entidade do orzamento de ingresos para o evento solicitado.
Anexo I.4: Orzamento de gastos. Certificado do secretario/a ou Tesoreiro/a da entidade do orzamento de gastos para o evento solicitado.
Anexo I.5: Declaración doutras axudas públicas solicitadas ou concedidas para financiar ás actividades polas que solicita a presente subvención.
Anexo I.6: Declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
*Anexo I.7: Declaración de non haber solicitado e/ou percibido ningunha axuda polo mesmo concepto. <u>Só para entidades que non haxan solicitado e/ou percibido ningunha axuda pública polo mesmo concepto.</u>
Anexo I.8: Declaración da representación legal da entidade.

- Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- Certificados de estar de estar ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

#### DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*Publicidade das subvencións concedidas.*

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

*Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.*

*Publicidade do financiamento público.*

*As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.*

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

*A Concellería de Deportes será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta porlo concelleiro de Deportes, o xefe de Servizo da Área de Deportes e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.*

*A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrucción e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo*



dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

#### DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

A convocatoria prevé a subcontratación das actividades subvencionadas, conforme co establecido no artigo 27 da LSG, ata como máximo un 50% da actividade subvencionada.

#### DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos nun prazo que en ningún caso excederá o prazo de \*60 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso sempre antes do 11 de decembro de 2009. En caso contrario perderase o dereito a percibir a axuda:

- \*No caso dos eventos realizados con anterioridade a esta convocatoria terán de prazo 60 días naturais dende a notificación da subvención.
- No caso dos eventos realizados entre o día 1 e o 31 de decembro de 2009 ambos incluídos, o prazo de presentación de xustificantes amplíase ata o 15 de xaneiro de 2010.

Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibi-la subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se conrreran causas que o xustificuen.

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto deportivo (Incluíranse como mínimo e obrigatoriamente, datos referentes ó número total de participantes por categorías, lugar de celebración do evento, público asistente e incidencias se as houbo), como económico (Incluíranse como mínimo e obrigatoriamente gastos e ingresos reais xerados polo evento distribuídos por conceptos).

b) Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

II.1	Conta Xustificativa-Relación de facturas e documentos de valor probatorio equiva-
------	---

	<i>lente presentadas como xustificación.</i>
II.2	<i>Certificado da veracidade das actividades.</i>
II.3	<i>Certificado actualizado das subvencións concedidas e/ou recibidas das</i>
II.4	<p><i>Declaración responsable do solicitante :</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.</i></li> <li>● <i>Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.</i></li> <li>● <i>Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.</i></li> <li>● <i>Que a entidade atópase ó corrente ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Nembargantes, <u>esta declaración só é necesaria en caso de non presentar os certificados das tres Administracións</u>, e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).</i></li> </ul>

c) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado, en relación do apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- *As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

2º.- Importe xustificativo: *Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.*

3º.- *Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.*

4º.- *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de*

*ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.*

*5º.- Instalacións Deportivas Municipais: En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*6º.- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*

*7º.- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

- d) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

#### **DÉCIMO SÉPTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

*A realización da actividade ou evento subvencionado e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.*

#### **DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

*O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

#### **VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

*Pérdida do dereito ao cobro:*

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:*

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*A presente convocatoria rexerá pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**11(619).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ÉLITE DO EQUIPO DA ENTIDADE NA TEMPADA 2008-2009. EXPTE. 8503/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.04.09, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 25.02.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo, para o proxecto de actividades do equipo de elite masculino da categoría “Primera División” pola actividade na tempada 2008/2009.

2º.- Aprobar o gasto de 24.000 €. a favor da entidade: Real Club Celta de Atletismo, co CIF: G-36945319, con enderezo social na rúa Balaidos S/N en Vigo, e numero de conta corrente: 2091-0528-5500006402-21 . Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.04 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO DA ENTIDADE NA TEMPADA 2008-2009.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duosmil nove*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Alfonso Posada Sánchez como presidente do Real Club Celta de Atletismo, CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8503-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor Masculina, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Real Club Celta de Atletismo desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 24.000,00 €, a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Real Club Celta de Atletismo na tempada 2008/2009.*

V.- Que a entidade Real Club Celta de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8503-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Real Club Celta de Atletismo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo convénen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Real Club Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de Deportes -Concello de Vigo.

5º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Real Club Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Real Club Celta de Atletismo, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Club Celta de Atletismo unha subvención por importe de 24.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.04 do orzamento en vigor co obxecto de coadjuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2008/2009.

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de*



*forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**12(620).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ÉLITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2008-2009. EXPTE. 8502/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.04.09, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 25.02.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta , para o proxecto de actividades do equipo de elite feminino da categoría primeira división pola actividade na tempada 2008/2009.

2º.- Aprobar o gasto de 26.400 €. a favor da entidade: Club Atletismo Femenino Celta , co CIF: G-36927689, con enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo, e numero de conta corrente: 2080-0468-0040107695-14 . Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.03 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO DA ENTIDADE NA TEMPADA 2008-2009.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duosmil nove*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Jose Luis Domínguez González como presidente da entidade Club Atletismo Femenino Celta , CIF nº G-36927689 e enderezo social na rúa Avda de Balaidos en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8502-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo “Club Atletismo Femenino Celta” que participa na categoría Primera División, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Club Atletismo Femenino Celta desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 26.40000 €, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite do Club Atletismo Femenino Celta na tempada 2008/2009.

V.- Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8502-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Atletismo Femenino Celta , o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta convénen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Femenino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Femenino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Femenino Celta, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Femenino Celta unha subvención por importe de 26.400,00€ con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.03 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de élite da entidade na tempada deportiva 2008/2009.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de De-

portes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**13(621).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA TOUR&AUTO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O VI RALLY INTERNACIONAL COSTA ATLÁNTICA CLASSIC, DO DÍA 10 Ó 13 DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 8448/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 4.05.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación Deportiva Tour&Auto, a organizar os vindeiros días 10,11 e 13 de xuño de 2009, o “VI RALLY INTERNACIONAL COSTA ATLÁNTICA CLASSIC” dita proba comenará o martes 10 de xuño, fronte a estación marítima, coa verificación dos vehículos dende as 10.00 horas ata as 20.30 horas, o mércores 11 terá lugar a saída a partir das 9.00 horas e regresarán o sábado día 13 entre as 17.00 e as 18.00 horas entrando directamente no parking robotizado que se atopa fronte o Hotel Palacio Universal”.

**14(622).- SOLICITUDE DA A.VV. PRAZA DA MIÑOCA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A VI MARCHA POPULAR O DÍA 17 DE MAIO DE 2009. EXPTE. 8591/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 28.04.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á A.VV. Praza da Miñooca, a organizar o vindeiro domingo 17 de maio de 2009 a VI MARCHA POPULAR dita proba percorrerá polas beirarruas, parque infantil da Miñooca, Angel Llanos, Felipe Prósperi, Cosé Gil, Hermanos Sarabia, parte da Avda da Florida, subida Martín Echegaray, baixada Segundo Mariño, xosé Gil, hacia Luis Ksado, comenzando comenzando ás 10.30 horas e rematando as 12.00 horas.

**15(623).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO. EXPTE. 7111/332.**



Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 27.04.09, conformado pola concelleira de Educación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Na sesión de 02-10-2006 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a Trobeiro, S.L. o servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Vigo.*

*O Prego de cláusulas administrativas dispón, na súa cláusula 2.3.1, que o prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 7.1.2 da FEC (“Duración do contrato: dous anos”), e que, o dito prazo, poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 7.3 da FEC: “Prórroga do contrato: Si. 7.3.1. En caso afirmativo duración: dous anos, prorrogable ano ano”*

*O contrato, asinado dispón, na súa cláusula 4ª, que “o prazo comezará o 2 de outubro de 2006, e terá unha duración de dous anos, podéndose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de dous”.*

*Xunta de Goberno de data 02 de xuño de 2008 acordou prorrogar o contrato para o periodo 02-10-2008 a 01-10-2009 .*

*O xefe do servizo de Educación propón en dilixencia de data 15/01/2009 a prorroga do contrato para o periodo comprendido entre o 02-10-2009 e 01-10-2010.*

*A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Prorrogar para o periodo comprendido entre o 02-10-2009 e 01-10-2010 o contrato do servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Vigo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2006 á Trobeiro, S.L. ”*

*2º. Autorizar e comprometer un gasto de 394.943,12 euros (máis as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a revisión de prezos do contrato) con cargo á partida presupostaria 42202270602 dos exercicios económicos 2009 e 2010.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente.

#### **16(624).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SANTA MARTA. EXPTE. 7446/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 23.04.09, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

*Na sesión de 07-08-2006 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a Colegio Los Milagros, S.L. os servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta.*

*Na clausula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 7 das FEC establece como prazo de execución do servizo o comprendido entre o 1 de setembro de 2006 e o 31*

de xullo de 2008. Igualmente, considérase a posibilidade de prórroga do contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas, de modo que a duración total do contrato (incluídas as dúas prórrogas) non podería exceder de catro anos (cláusula 2.3.2 do Prego tipo de cláusulas administrativas), sempre que o contratista non se opoña á dita prórroga cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do prazo. A primeira prórroga do contrato foi aprobada pola Xunta de Goberno celebrada o 23-06-2008

O xefe do servizo de Educación propón en Dilixencia de data 26/01/2009 a proroga do contrato para o periodo comprendido entre o 01-08-2009 e 31-07-2010.

A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

1º.- Prorroga-lo contrato dos servizos de servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Santa. Marta adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 07-08-2006 á Colegio Los Milagros, S.L.. polo periodo 01-08-2009 a 31-07-2010.”

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 178.772,45 euros (máis as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a actualización do IPC), dos cales:

- 74.488,52 euros corresponden ó período agosto-decembro 2009, con cargo á partida presupostaria 42202270606 do exercicio económico 2009.”

- 104.283,93 euros corresponden ó período xaneiro-xullo 2010, con cargo á partida presupostaria 42202270606 do exercicio económico 2010.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente.

### **17(625).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DE VIGO. EXPTE. 18535/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 23.04.09, conformado pola concelleira de Educación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Na sesión de 11-09-2006 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a Limpiezas del Noroeste, S.A. os servizos de limpeza dos colexios e escolas públicas de Vigo.

Na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares estableceíase que o contrato iniciaríase o día 01-09-2006 e terá unha duración de dous anos podendose prorroga-lo contrato por periodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas. A primeira delas foi acordada pola Xunta de Goberno celebrada o 26-08-2008.

O xefe do servizo de Educación propón en dilixencia de data 26/01/2009 a proroga do contrato para o periodo comprendido entre o 01-09-2009 e 31-08-2010.

A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

1º.- Prorrogar para o período 01-09-2009 a 31-08-2010.-lo contrato dos servizos de limpeza dos colexios e escolas públicas de Vigo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 11-09-2006 á Limpiezas del Noroeste, S.A. ”

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 2.585.358,49 euros (máis as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a revisión de prezos do contrato) con cargo á partida presupostaria 42202270000 dos exercicios económicos 2009 e 2010.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente.

### **18(626).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCION DA MULLER, NO ANO 2009. EXPTE. 3833/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.09, o informe de fiscalización do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 11.02.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a Convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2009.

2º.- Autorizar un gasto por importe máximo de 80.000 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 do orzamento vixente para o ano 2009, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

#### **CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIONES DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCION DA MULLER NO ANO 2009**

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.*

*En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consignan, na partida orzamentaria 4632.489.00.00 “subvencións da Concellería de Igualdade” un crédito por un importe total de 80.000,00€ (Oitenta mil euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellería de Igualdade destina a colaborar na financiación de programas e actividades de promoción da muller.*

*A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

*As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.*

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

*O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades das entidades sen ánimo de lucro que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2009 e cuxa finalidade sexa:*

*1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde, o empoderamento, a corresponsabilidade e o fomento da participación social das mulleres.*

*2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo vixente.*

*3.-Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.*

*4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.*

*5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.*

*O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fóra do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.*

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado corresponden á participación ou organización da/s actividade/s obxecto da axuda.*

*A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.*

*A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.*

*Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estos de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 euros (oitenta mil euros) que se faran efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2009; 4632.489.00.00 “Subvencións da Concellería Igualdade”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se den as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*Estas subvencións serán compatibles con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

#### **QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.**

##### 1. Poderán solicitar e obter estas axudas :

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.*
- c) As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.*
- d) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- e) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

##### 2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- b) Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo.*

- c) *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- d) *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- e) *Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.*
- f) *Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración , xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*
- g) *Aqueles que non tivesen xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas neste servizo do Concello de Vigo no ano anterior, agás aquelas que antes do 1 de decembro presentasen na concellería de igualdade escrito motivado da renuncia á subvención.*
- h) *Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

3. *As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

4. *As solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

5. *Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.*

#### **SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.**

*Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:*

1º.- *Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*

2º.- *Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*

3º.- *Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.*

4º.- *Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

5º.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6º.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7º.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

8º.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9º.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

10º.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría de Igualdade estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

11º.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da concellería de igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base Quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 50 puntos

a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula Primeira das bases.

- Calidade do proxecto (valorarase a rigorosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 10 puntos

- por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na base segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 5 puntos.

b) Características do proxecto:

- *Ámbito de aplicación (0 a 5 puntos)*
- *Número de beneficiarias (0 a 5 puntos)*
- *Participación de voluntariado (0 a 5 puntos)*
- *Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (0 a 5 puntos)*

c) Traxectoria da entidade e grao de implicación nas actividades da concellería de igualdade. Ata 10 puntos

*Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería de igualdade polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.*

*d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5 puntos. Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante aporte declaración asinada pola/o representatne da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.*

*A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de igualdade do Concello de Vigo.*

#### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.**

*O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.*

#### **NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

#### **DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

*O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

#### **DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

*Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuren nos demais anexos ao dito expediente.*

*A instancia de solicitude será asinada pola representante legal da entidade petionaria e presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común e dirixida ao Excmo. Sr. Alcalde, segundo modelo normalizado (Anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*

*Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:*

*1) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II) xunto co desglose de ingresos e gastos da actividade. Encherase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación ou xornadas e charlas deberá achegarse currículo do profesorado ou das relatoras ou relatores segundo o caso.*



2) Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2008, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

3) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

4) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

5) Certificado que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable da entidade solicitante como réxime simplificado desta acreditación (punto 6 do Anexo III).

6) Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (punto 4 do Anexo III).

7) Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (punto 3 do Anexo III).

8) Declaración da secretaría da entidade na que conste quen ten a condición de representante legal da entidade (punto 1 do Anexo III).

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou subsane a deficiencia no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite.

#### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local.

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaránse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Igualdade e na propia páxina web do Concello de Vigo.

### 3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora a Concellería de Igualdade- Concello de Vigo”, coa a inclusión do logotipo e anagrama que se pode descargar da páxina web da concellería de igualdade [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

### DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución., de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme aos criterios sinalados na base Sétima, pola Comisión de Valoración as solicitudes mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración, órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Igualdade e unha funcionaria da mesma área que actuará como secretaria.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrucción e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

*Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.*

*As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:*

- Calendario, horario e local de realización da actividade.*
- No caso de programas subvencionados que inclúan diversas actividades indicarase a/s actividade/s subvencionada/s que serán obxecto da xustificación por parte da entidade.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

*As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.**

*As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 31 de xaneiro de 2010 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Trascorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.*

*A xustificación deberá realizarse polo 100% do importe da axuda concedida mediante rendición de conta xustificativa que comprende unha memoria de actuación, unha memoria económica (relación de gastos e achegas de facturas) e os Anexos IV debidamente cubertos.*

*Ao efecto de xustificar a subvención as beneficiarias deberán achegar:*

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola persoa responsable da actividade, e na que figurará a ser posible, a seguinte información:
  - a. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
  - b. Datas e lugar de celebración.*
  - c. Datos sobre participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.*
  - d. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das/os participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, e número de teléfono.*
  - e. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.**

2) Declaración xurada da entidade perceptora segundo o Anexo IV-1, acreditativa dos seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.

3) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión. (achegando un Anexo IV-2 por cada programa a xustificar)

b. Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

4. Número e no seu caso serie.
5. Nome e apelidos ou denominación fiscal.
6. Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
7. Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
8. Lugar e data de emisión.
9. Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais conlevarán a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios/as e profesionais.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando na mesma o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

.- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

*.- Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*

*.- En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2009, e non deberá constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.*

*.- Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*4) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade, A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.*

#### **DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.*

*Procederase ao pago parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:*

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe da contía da axuda concedida.*
- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.*
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.*

*As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.*

*A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pago parcial ou proporcional correspondente, será competencia da Concelleira delegada de igualdade.*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

#### **VIXÉSIMA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

##### **1.-Pérdida do dereito ao cobro**

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a súbvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

##### **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións**

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

*Os datos das solicitantes e as das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

#### **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### **19(627).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACÍONS E ORGANIZACÍONS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2009. EXPTE. 834/334.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, conformado pola concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria específica para as subvencións a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades de dinamización e promoción do uso da lingua galega durante o ano 2009.

2.- Autorizar un gasto por un importe de 6.000,00 €, con cargo á partida 4633.489.00.00 do vixente presuposto para o ano 2009, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

**CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCÍONS A ASOCIACÍONS E ORGANIZACÍONS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2009**

#### *Primeiro*

*En virtude do establecido na base 38 de execución de orzamento do ano 2009 e no marco xurídico definido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o SNL do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas ao fomento e dinamización da lingua galega que sexan compatíbeis ou subsidiarias coas que realiza o Concello de Vigo durante o exercicio do 2009.*

#### *Segundo*

*A contía da presente convocatoria ascende a 6.000,00 €, con cargo á partida 4633.489.00.00.*

#### *Terceiro*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

#### *Cuarto*

*As solicitudes presentaranse mediante instancia normalizada que se establece nas bases, anexos I e II, acompañada dos datos resumidos do proxecto, anexos III e IV, e demais documentación requirida nas bases.*

#### *Quinto*

*O prazo para a execución das actividades subvenionábeis será até o 30 de novembro de 2009.*

#### *Sexto*

*Apróbanse as bases e anexos, que se achegan ao expediente, que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas á promoción e dinamización da lingua galega no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

### *BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA DURANTE O ANO 2009*

*O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 5.3 expresa que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Ademais, na Lei de Normalización Lingüística de 1983 e no Plan de Normalización de 2004 tamén se recolle a obriga das administracións de fomentar o uso do galego.*

*A lexislación aplicable, para esta convocatoria específica de subvencións, é: a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e promoción da lingua galega nas entidades sen ánimo de lucro da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 con-*



signan, na partida orzamentaria 4633.489.00.00 “subvencións organizacións e asociacións”, un crédito por un importe total de 6.000,00 € (seis mil euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellería de Normalización Lingüística destina a colaborar na financiamento de actividades de dinamización e promoción do uso da lingua galega durante o ano 2009.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### *PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN*

O obxecto das subvencións as que se refiren estas bases e convocatoria é contribuír a financiar as actuacións cuxa finalidade principal é estender o uso social da lingua galega no ámbito territorial do Concello de Vigo.

#### *SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES*

1 Serán gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, corresponden aos ocasionados pola participación ou organización de actividades cuxa finalidade principal é estender o uso social da lingua galega no ámbito territorial do Concello de Vigo.

2. Serán obxectos subvencionables aqueles incluídos nalgunha destas categorías:

- Introducir o galego en ámbitos pouco galeguizados.
- Galeguización permanente da entidade.
- Campañas de dinamización do uso da lingua no ámbito de actuación da entidade.
- Producción de materiais en galego que teñan como fin introducir ou estender o uso social da lingua no seu ámbito de actuación.
- Accións encamiñadas a fomentar o coñecemento da lingua.

3. Non serán proxectos subvencionables aqueles que:

- Dupliquen as actividades organizadas polo propio Servizo de Normalización Lingüística.
- Dupliquen os servizos ou actividades doutras administracións públicas ou mesmo privadas.
- Inclúan no seu orzamento de gastos ou mantemento ordinario da entidade solicitante, malia poderen incluír gastos de persoal contratado para un programa específico.
- Supoñan actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros departamentos/áreas do Concello: Deportes, Educación, Xuventude, Turismo, Cultura... e doutras entidades e administracións (Xunta, deputacións...)
- Teñan suscrito, para a mesma finalidade, un convenio de colaboración ou contratación de servizos co Concello de Vigo, ou dispoñan de axuda doutras áreas do Concello de Vigo.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional ou incorran en calquera causa de inconstitucionalidade.
- Inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que en consideración ao proxecto non reúnen as condicións mínimas de interese xeral e non obteñan unha valoración global mínima de 12 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

### *TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO*

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 6.000,00 euros (seis mil euros, que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2009; 4633.489.00.00 “subvencións organizacións e asociacións”).*

*O importe total da subvención non poderá superar os 2.000,00 €, nin o importe total da actividade subvencionada.*

### *CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN*

*Estas subvencións non serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda, para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*Coa solicitude sa subvención achegarase declaración responsable de non ter solicitado, nin obtido ningunha outra subvención ou axuda que financie a actividade subvencionada.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a petición e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. Deberase entregar copia da solicitude de subvención, ou no seu caso da resolución desta e cuxa obtención suporá a perda da subvención concedida, salvo que se renuncia a esta. En todo caso, estarase ao disposto no artigo 33 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.*

### *QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS*

*1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*

*2. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo, para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

*3. Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*4. Igualmente, os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.*

### *SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS*

*Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:*

*1º.- Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*

*2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*

*3º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*

*4º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*5º.- Demostrar o seu compromiso con este programa encamiñados a acadar a normalización do idioma na súa actividade.*

- Velar polo compromiso na utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista na execución do programa.*
- Ter como ámbito de actuación parte ou a totalidade do termo municipal.*
- Que o conxunto de actividades para o que se solicita subvención, se leve a cabo no ano da convocatoria e a súa execución non supere o 30 de novembro do correspondente exercicio económico da convocatoria.*
- Presentar a solicitude dentro do prazo estipulado na convocatoria.*
- Acadar unha valoración global mínima de 12 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
- Estar inscrito no Rexistro municipal de asociacións.*

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

*Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 25 puntos:*

*A cada proxecto outorgaráselle até un máximo de 5 puntos por cada un dos apartados seguintes:*

- *Calidade das actuacións e adecuación nos obxectivos determinados na cláusula segunda destas bases.*
  - calidade do proxecto: 0 a 2 puntos*
  - por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos determinados na cláusula segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido até un máximo de 3 puntos*
- *Incidencia en ámbitos en que o galego está pouco presente.*

- *Ámbito de aplicación: 0-2 puntos (valoraranse aquelas actuacións que supoñan a apertura de novas canles de presenza da lingua galega na sociedade)*
- *Número de beneficiarios: 0-2 puntos*
- *Participación de voluntariado: 0-1 puntos*
- *Proxectos que pidan ser desenvolvidos ao longo do tempo: 0-3 puntos; proxectos que poidan ser extrapolados a outros ámbitos e sectores coas adaptacións precisas: 0-2 puntos*
- *Difusión social do proxecto: publicidade: 0-1 puntos; material informativo: 0-1 puntos; material formativo: 0-2 puntos; outros: 0-1 puntos*
- *Compromiso coa igualdade: utilización linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para difusión da actividade ou evento: 0-2 puntos; proxectos que promovan a participación das mulleres nas actividades subvencionadas: 0-2 puntos; proxectos que teñan como unha das súas finalidades visibilizar a achega das mulleres no eido da subvención: 0-1 punto.*

*O total do orzamento adicado ás axudas, dividido entre o número total de puntos adxudicados a todos os proxectos anuais, fixará o valor de cada punto. O valor equivalente a un punto, multiplicado polos puntos de cada proxecto, determinará a contía da subvención outorgada.*

*A Comisión de avaliación estará formada pola concelleira de Normalización Lingüística, en calidade de presidenta, e dous vogais, a xefa do servizo e un/ha funcionario/a que fará o labor de secretario/a, con voz e voto.*

*Os datos a puntuar corresponderán ás actividades do ano 2009.*

#### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES**

*O importe total máximo destinado a estas subvencions distribuirase entre todas as entidades sen ánimo de lucro que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencions, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.*

*A contía individualizada da subvención non superará o 100% dos gastos vinculados ao proxecto subvencionado, cuantificados na forma que se fixa para a súa xustificación na base décimo quinta.*

#### **NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES**

*O procedemento para a concesión destas subvencions será o de concorrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación destas bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

#### **DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de vinte días naturais, contados dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuren nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- Modelos e certificados de solicitude correspondentes aos anexos II, III e IV de solicitude da subvención:

A. II	Declaración responsable do solicitante
A. III	Orzamento de ingresos e de gastos
A. IV	Ficha resume do programa

- Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Declaración responsable de non ter solicitado, nin obtido ningunha outra subvención ou axuda que financien a actividade subvencionada segundo se recolle na base cuarta.
- Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade.
- Fotocopia CIF/NIF

#### DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación achegada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos nesta convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que, se non o fixera, se terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

#### DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

Esta convocatoria, coas bases reguladoras da concesión das axudas, será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local (anuncio institucional do venres) con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e [snl.vigo.org](http://snl.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas

*As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria serán publicadas na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e [snl.vigo.org](http://snl.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Esta convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Normalización Lingüística e na propia paxina web do Concello de Vigo.*

#### *Publicidade do financiamento público*

*As entidades beneficiarias das subvencións, obxecto desta convocatoria, deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo”.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

*A Concellería de Normalización Lingüística será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A súa avaliación realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola concelleira de Normalización Lingüística, a xefa do Servizo de Normalización Lingüística e un/ha funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.*

*A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Normalización Lingüística, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte á avaliación realizada.*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días, a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Normalización Lingüística a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase, tacitamente, aceptada.

#### DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

As beneficiarias das subvencions deberán xustificar antes do 1 de decembro de 2009 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para as beneficiarias que o soliciten antes do dito día 1 de decembro, se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto normalizador da lingua como económico (Incluíranse os datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos)
- Documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo V destas bases (Modelos para a xustificación)
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ao proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificacións:

1.º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003.

2.º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3.º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4.º.- Nas subvencions concedidas a entidades dependentes ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

5º.- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

#### **DECIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES**

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, será comprobada polos servizos da Concellería de Normalización Lingüística. A xefa do Servizo de Normalización Lingüística emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### **DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Normalización Lingüística e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO**

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación, pola beneficiaria, da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

#### **DECIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES**

##### **Perda do dereito ao cobro**

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.



*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá á perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custe da actividade subvencionada.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

#### *Nulidade, reintegro, infraccións e sancións*

*En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e do seu reintegro, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

#### **VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto destas bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*Esta convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Ba-*

ses de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**20(627).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACION CIADA E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO. EXPTE. 3916/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.09, o informe de fiscalización do 4.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 3.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2009, cun orzamento máximo de 225.000 € e un prazo de admisión de solicitudes de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2º.- Autorizar o gasto de 144.346,00 € con cargo á partida 4631.4890000 “Subvencións e entidades cidadás e sindicatos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE  
ACTIVIDADES DE PARTICIPACION CIADA E DESENVOLVEMENTO  
SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2009

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

*O Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo e a participación cidadá mediante un programa de subvencións para asociacións que contribúa ao fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social dos cidadáns, así como axudar ao financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.*

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

*a.- Programa I: Actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.*

*O programa para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario esta dirixido a subvencionar proxectos de actividades, fomentar os servizos, as novas tecnoloxías e á realización de programas formativos nas propias sedes das asociacións para os propios veciños, e persegue entre outros:*

- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o ocio, promoción da cultura tradicional, o voluntariado e a integración veciñal.*
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edicións de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.*
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, cooperación, respecto a diversidade e integración).*

- *Captar e promover a formación do voluntariado dinamizando o tecido asociativo. Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través da captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.*
- *Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.*
- *Potenciar o uso das novas tecnoloxías.*

*O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que fóra do municipio, inclúan programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a certames, congresos, etc..., debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.*

*b.- Programa II: Mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.*

*Este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario (como asociacións veciñais, sociedades ou centros culturais).*

*Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de teléfono, auga e fax, mantemento de equipos informáticos, etc...*

*As entidades que operan no ámbito do movemento veciñal poden solicitar subvención para un programa ou para ambos, non sendo excluentes.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 144.346,00 euros, que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 4631.4890000 “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos” do exercicio presupostario para o ano 2009. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*

*O importe máximo por subvención non poderá superar os seguintes límites:*

- a) Programa I de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario:  
O 70 % do presuposto e, en ningún caso, superior a cantidade de 12.000 €.*
- b) Programa II de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal:  
O 50 % do presuposto e, en ningún caso, superior a cantidade de 2.000 €.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

*Estas subvención serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

#### **QUINTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

*Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:*

- 1. Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2. Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*
- 3. Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
- 4. Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- 5. Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- 6. Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- 7. Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

#### **SEXTA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociacións sen ánimo de lucro e fundacións que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen exclusivamente no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:*

- 1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 2. Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 3. Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- 4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*
- 5. Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións. Ditas certificacións poderanse substituír*

por unha declaración responsable conforme o estipulado no artigo 24.4 do citado RD 887/2006.

6. O demais requisitos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Ademais das obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán obrigas dos beneficiarios das subvencións as que seguen:

1. Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
2. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
3. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
4. Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Área de Participación Cidadá”, coa incorporación do escudo ou emblema que facilitará o Servizo de Participación Cidadá. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
5. Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade.
6. En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que reflectan a incorporación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### OITAVA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN

1. Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos 1,2,3,4) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ,ou ben, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Documentación

Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

- *Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade. (anexo 1)*
- *Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 1).*
- *Memoria explicativa e detallada das actividades para os que se solicita a subvención, nos que figure entre outros: (anexo 2)*
  - *Nome do proxecto*
  - *Obxectivo e fins que persegue*
  - *Actividades a realizar*
  - *Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.*
  - *Calendario de actividades*
- *Balance de contas (ingresos/gastos) da entidade ou asociación do ano 2008 en modelo normalizado (anexo 3) ou en documento contable das propias entidades.*
- *Orzamento detallado dos gastos previstos por cada un dos proxectos ou actividades obxecto de solicitude de subvención (anexo 3b).*
- *Declaración de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (Anexo 4).*
- *Certificación de cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social:*
  - *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*
  - *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*  
*Conforme ao establecido no art. 95.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria as administracións públicas non poderán esixir aos interesados a presentación de certificados da Administración Tributaria cando a información de carácter tributario estea dispoñible por medios informáticos ou telemáticos, polo que, o interesado pode autorizar expresamente para que dito certificado sexa solicitado no seu nome.*
  - *Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4)*
  - *De ter presentados os certificados solicitados nos puntos anteriores no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).*
- *Declaración de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social que substituirá á presentación das certificacións previstas no apartado g) , para aquelas entidades ou asociacións que soliciten unha subvención total (programa I e II) inferior aos*

3.000 €, ou para aquelas na que a contía a outorgar na proposta de resolución de outorgamento das subvención non supere o citado importe de 3.000 € (Conforme ao artigo 24.4 do R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións). (ANEXO 4)

#### 4. Corrección de defectos

Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien co apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS E CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións se tramitarán en réxime de concorrência competitiva. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

##### a.- Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

##### b.- Representatividade e area de influencia. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración ademais dos socios numerarios da asociación, os participantes habituais nas actividades promovidas pola entidade.

##### c.- Capacidade económica, infraestrutura e equipamentos. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en conta entre outros:

- Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución.
- O orzamento de gastos para os programas obxecto de subvención, analizando a solvencia da entidade e o presuposto para o seu desenvolvemento.

##### d.- Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito. Ata 5 puntos.

Valorarase tendo en consideración:

- O traballo en unidades territoriais como barrios completos fronte aos que actúen en bloques, comunidades de veciños, etc...
- O nivel de coordinación das actividades xunto con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual, fronte as actividades autónomas.

*e.- Grado de implicación nas actividades da área de Participación Cidadá. Ata 5 puntos*

*Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.*

*f.- Calidade e viabilidade técnica e económica. Ata 50 puntos por cada proxecto/s presentados (entendido como proxecto aquelas actuacións individuais e independentes entre si que aglutinan múltiples actividades, as cales non reflicten interrelación cos outros proxectos presentados).*

*Valorase tendo en conta:*

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais*
- Que os programas contén con contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.*
- Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.*
- Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.*
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades ou proxectos para as que se solicita a axuda.*
- A implicación da entidade solicitante cando achegue unha porcentaxe considerable sobre o custo total do proxecto ou proxectos.*

*No programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal non se ten incluída a puntuación deste apartado no resultado final, xa que parece oportuno descartar os proxectos por non ter unha vinculación directa con gastos de mantemento da asociación.*

*g.- Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos*

*A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende valorar é o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes, para a realización dunha memoria completa de seguimento das súas actividades subvencionadas, así como a porcentaxe de xustificación aplicada ao proxecto subvencionado.*

*A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados polas entidades xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

#### ***DÉCIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO, NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN E PUBLICIDADE***

*A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Técnico de Xestión de Participación Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións, e art. 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:*

*Presidente: O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá*

*Vogais: Dous técnicos do servizo de Atención e Participación Cidadá.*



*Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.*

*A Comisión de Valoración poderá:*

- 1. Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- 2. Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.*
- 3. Emitir informe respecto das solicitudes de subvención.*

*Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.*

*A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de 10 días naturais contar dende o día seguinte ao da notificación a comunicar por escrito ao Servizo de Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.*

*As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.*

*O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.*

*Contra estas bases-convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.*

*Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.*

*En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- SUBCONTRATACIÓN**

*Os beneficiarios poderán subcontratar a porcentaxe necesaria, ata o 100% do importe da actividade, para a execución correcta do proxecto subvencionado. No caso de subcontratación deberán de cumprirse as determinacións establecidas no art. 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

*Os beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro do 2009. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.*

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datas e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior, o programa do curso, horas de formación, a identificación e número de teléfono dos participantes e do monitor/a.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que esta exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada (posible devolución conforme ao apartado d) ). Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

c) Para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal, achegarse tal como figura nos parágrafos anteriores, memoria descritiva dos gastos de mantemento das entidades no que se relacionen os gastos correntes de funcionamento das mesmas no que se refire a persoal, mantemento de instalacións,

alugamentos, subministración de teléfono, auga, fax, mantemento de equipos informáticos, etc...

d) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia

### 3. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Que a entidade ou asociación esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social (conforme ao estipulado no art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17,3 e 33,3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.)

### DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

### DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### *DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO*

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.*

*Antes de proceder ao pago das subvencións a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

#### *DÉCIMO SEXTA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN*

*Perdida do dereito ao cobro:*

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, especialmente:*

- As obrigas ás que se condiciona o pago da subvención*
- O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención*
- A variación da finalidade da actuación*
- A falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta*
- A obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da subvención municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Nulidade, reintegro, infracción e sancións:*

*En canto as causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS).*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no capítulo IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.D. 887/2006, de 21 de xullo.*

#### *DÉCIMO SÉTIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL*

*Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/9, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei / 1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO OITAVA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### **21(628).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO VINCULADO Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS ORGANIZACIÓNS NON LUCRATIVAS PARA O ANO 2009. EXPTE. 3935/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.09, o informe de fiscalización do 4.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 3.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de investimento en infraestruturas e equipamento vinculado a prestación de servizo das organizacións non lucrativas para o ano 2009, cun orzamento máximo de 225.000 € e un prazo de admisión de solicitudes de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2º.- Autorizar o gasto de 225.000,00 € con cargo á partida 4631.7800000 “Transferencia de Capital Asociacións RP”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO VINCULADO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS ORGANIZACIÓNS NON LUCRATIVAS, PARA O ANO 2009**

## *PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN*

*O Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva para o fomento daqueles proxectos que teñan como finalidade a mellora das infraestruturas e instalacións sociocomunitarias e asociativas da cidade, así como a adquisición de equipamento para as mesmas, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.*

*Os presentes actos de edificación comprenden aquelas obras realizadas en locais e infraestruturas, que utilizan as entidades sen ánimo de lucro, en réxime de propiedade privada, cedidos por ente público ou privado, ou en réxime de alugamento e que executará esta entidade beneficiaria tanto cos seus propios fondos, como con auxilio doutras entidades públicas ou privadas para a realización de servizos da súa competencia.*

## *SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES*

*Poderán ser obxecto de subvención as propostas que teñan como finalidade o financiamento de actuacións en activos fixos destinados a infraestrutura sociocomunitaria da cidade de Vigo para a consecución dalgúns dos seguintes obxectivos xerais coincidentes cos seguintes programas:*

- a) PROGRAMA I: Adquisición, obras de primeiro establecemento, reforma, reparación, rehabilitación e conservación de bens inmobles.*
- b) PROGRAMA II: Adquisición de bens mobles: maquinaria e instalacións, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, mobiliario, equipos informáticos, etc, dedicados a equipamento das infraestruturas comunitarias.*

*Que incentiven o desenvolvemento da actividade asociativa e reforzo da capacidade de autoorganización das entidades.*

*Que suplan, coadxuven ou complementen os servizos prestados polo Concello de Vigo dentro das súas competencias, conforme ao previsto nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora de bases do réxime local (LRBRL).*

## *TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO*

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 225.000,00 euros, que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 4631.7800000 “Transferencias de Capital Asociacións” do exercicio presupostario para o ano 2009. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*

*A subvención non poderá superar os seguintes límites:*

- a) O 70 % do presuposto, co máximo de 15.000 € para o PROGRAMA I de adquisición, obras de primeiro establecemento, reforma, reparación, rehabilitación e conservación de bens inmobles.*
- b) O 50 % do presuposto, co máximo de 5.000 € para o PROGRAMA II: Adquisición de bens mobles: maquinaria e instalacións, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, mobiliario, equipos informáticos, etc, dedicados a equipamento das infraestruturas comunitarias.*

*En casos excepcionais e xustificados e, tendo en conta a necesidade dunha determinada entidade, as súas características especiais, as dificultades financeiras e o interese xeral da obra ou da inversión, poderá aprobarse ata o 100% do custo do investimento aprobado.*

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS**

*Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

#### **QUINTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

*Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:*

*1. En función do proxecto:*

- a) Que teñan unha relación e canle máis específico de subvención noutras áreas do Concello de Vigo.*
- b) Aqueles que en consideración ao proxecto ou investimento non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
- c) Destinado en exclusiva os socios/as ou os seus promotores/as.*
- d) Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.*
- e) Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e o importe das obras supere o 5% do valor catastral.*
- f) Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa conformidade da Concellería de Participación Cidadá.*

*2. En función do grao de incorporación de gastos non subvencionables:*

- g) Aqueles gastos en bens correntes de carácter reiterativo e non susceptibles de amortización e inventario.*
- h) Gastos en bens correntes e servizos, orixinados pola adquisición de bens de carácter funxible, non inventariables e de duración previsiblemente inferior a un exercicio económico (arrendamentos, materiais, subministracións, comunicacións etc).*

- i) *Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e que non están relacionados directamente coa inversión.*
- j) *Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.*

#### **SEXTA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociacións sen ánimo de lucro e fundacións que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen exclusivamente no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:*

- 1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 2. Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 3. Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- 4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*
- 5. Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións. Ditas certificacións poderanse substituír por unha declaración responsable conforme o estipulado no artigo 24.4 do citado R.D.887/2006.*
- 6. O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

*Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:*

- 1. Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
- 2. Comunicar calquera eventualidade na execución do proxecto que supoña menor execución de unidades de obra, servizos ou abastecementos, comunicarse no prazo máximo de 10 días a partir do momento en que se produzan, solicitando neste mesmo intre, a modificación a baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.*
- 3. Nos suposto de informar ou publicitar as actividades subvencionadas, farase constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Área de Participación Cidadá”, coa incorporación do escudo ou emblema que facilitará o Servizo de Participación Cidadá. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*



4. *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.*
5. *Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
6. *A concesión da subvención non exige ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles. En calquera caso, na execución de proxectos de construción de obra nova, reparación ou remodelación en locais ou terreos de propiedade municipal, quedará condicionada a que a entidade beneficiaria presente na Concellería de Participación Cidadá, cunha antelación mínima de cinco días hábiles previo a execución da actuación, a seguinte información e documentación:*
  - *Licenza municipal de obra maior ou menor.*
  - *Copia do proxecto de execución, cando así o precise, asinado por técnico competente e visado polo colexio correspondente, contendo a información e documentación prevista polas normas urbanísticas.*
  - *Copia do Presuposto final de contrata (execución material + gastos xerais + beneficio industrial, e impostos).*
  - *Data de inicio e remate da obras.*
7. *A entidade beneficiaria non poderá introducir ou executar modificacións da obra, abastecemento ou prestación do servizo, obxecto de subvención sen o coñecemento previo e autorización da Concellería de Participación Cidadá.*
8. *As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **OITAVA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN**

##### **1. Modelo e presentación de solicitudes**

*As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos 1,2,3,4) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))*

##### **2. Prazo de presentación.**

*O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

##### **3. Documentación**

*Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:*

- a) *Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade (anexo 1).*
- b) *Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 1).*

- c) *Memoria valorada e detallada, do investimento para o que se solicita a subvención (anexo 2).*
- d) *Balance de contas (ingresos/gastos) da entidade ou asociación do ano 2008 en modelo normalizado (anexo 3) ou en documento contable das propias entidades.*
- e) *Orzamento detallado dos gastos previstos para a realización do investimento, e no caso de infraestruturas incluíranse, entre outros, os honorarios dos facultativos, de redacción do proxecto, dirección e inspección, asinados polo técnico correspondente (anexo 3b).*
- f) *Nas solicitudes de inversións en infraestruturas, copia cotexada da titularidade do mesmo ou autorización da realización da inversión do propietario cando corresponda a un terceiro .*
- g) *A documentación relativa a os proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non virá obrigada a súa custodia.*
- h) *Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (Anexo 4).*
- i) *Certificación de cumprimento das obrigación tributarias e coa Seguridade Social:*
  - *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*
  - *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

*Conforme ao establecido no art. 95.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria as administracións públicas non poderán esixir aos interesados a presentación de certificados da Administración Tributaria cando a información de carácter tributario estea dispoñible por medios informáticos ou telemáticos, polo que, o interesado pode autorizar expresamente para que dito certificado sexa solicitado no seu nome.*
  - *Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4).*
  - *De ter presentados os certificados solicitados nos apartados anteriores no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).*
- j) *Declaración de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social que substituirá á presentación das certificacións previstas no apartado i), para aquelas entidades ou asociacións que soliciten unha subvención total (programa I e II) inferior aos 3.000 €, ou para aquelas na que a contía a outorgar na proposta de resolución de outorgamento das subvencións non supere o citado importe de 3.000 € (Conforme ao artigo 24.4 do R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións). (anexo 4)*

#### 4. Corrección de defectos

Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con aperebimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS E CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

- a) *Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos.*

Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

- b) *Representatividade e area de influencia. Ata 10 puntos*

Valorarase tendo en consideración, ademais dos socios numerarios da asociación, os posibles beneficiarios dos investimentos promovidos pola entidade.

- c) *Capacidade económica, suficiente e axeitada para a xestión, experiencia e especialización acreditada na realización da proposta de similar natureza á que se presenta. Ata 10 puntos*

Valorarase tendo en conta entre outros:

- *Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como si esta acometendo ás súas expensas, reformas importantes.*
- *O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.*

- d) *Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito. Ata 5 puntos.*

Valorarase tendo en consideración:

- *O traballo en unidades territoriais como barrios completos fronte aos que actúen en bloques, comunidades de veciños, etc...*
- *O nivel de coordinación en actividades e uso de instalacións e medios materiais con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual, fronte as actividades autónomas*

- e) *Grado de implicación nas actividades da área de Participación Cidadá. Ata 5 puntos*

Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.

- f) *Calidade e viabilidade técnica. Ata 50 puntos por cada proxecto/s presentados.*

Valoraranse os proxectos, (entendido como tal aquelas actuacións individuais e independentes entre si que aglutinan múltiples inversións as cales non reflicten interrelación con outros proxectos presentados) tendo en conta:

- *Calidade técnica da proposta: análise da necesidade e do entorno territorial, definición e valoración do nivel de equipamento actual e material a adquirir, grao de causalidade directa a curto ou medio prazo entre a adquisición e a mellora da calidade/cantidade dos servizos e actividades a prestar pola entidade solicitante, estabilidade temporal e pervivencia dos servizos, estado de conservación das actuais infraestruturas e equipamento, innovación, calendario de realización.*
- *Mellora do grao de polivalencia e proximidade física e social do equipamento á cidadanía, incremento da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas tanto de accesos e usos como de mobiliario.*
- *Adecuación da/s acción/s aos obxectivos e natureza do programa conforme ás prioridades e necesidades sociais detectadas pola Concellaría de Participación Cidadá: interese xeral e repercusión social, especialización acreditada da entidade solicitante na realización de propostas similares, e grao de xustificación doutras axudas recibidas anteriormente.*
- *Impactos xerados: repercusión social, creación de emprego directo e indirecto, persoas beneficiarias (número e características), contribución da acción á corrección dos desequilibrios territoriais, apoio a actividades pouco implantadas; produtos de interese que se poidan xerar, grao de continuidade en anos sucesivos.*
- *Colaboración, coordinación e concertación do proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.*

*g) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos*

*A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes, para a realización dunha memoria completa de seguimento das súas actividades subvencionadas, así como a porcentaxe de xustificación aplicada ao proxecto subvencionado.*

*A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

**DÉCIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO, NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN E PUBLICIDADE**

*A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Técnico de xestión de Participación Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións, e art. 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidente: O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá

Vogais: Dous técnicos dos servizos de Atención e Participación Cidadá

Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá:

1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.

2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.

3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito ao Servizo de Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativo (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contáranse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- SUBCONTRATACIÓN**

Os beneficiarios poderán subcontratar a porcentaxe necesaria, ata o 100% do importe da actividade, para a execución correcta do proxecto subvencionado. No caso de subcontratación deberán de cumprirse as determinacións establecidas no art. 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

## *DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA*

*Os beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2009. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.*

*A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.*

*A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

- 1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras ou adquisicións realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*
  - Fase da actuación executada, recursos utilizados, resultados obtidos, desviación respecto aos obxectivos previstos, reportaxe fotográfico e/ou audiovisual da execución, sistemas de información e publicidade das accións subvencionadas, xustificación das ofertas solicitadas e elección do contratista, relación do equipamento adquirido.*
  - No caso de finalización de obra nova, copia simple da escritura pública de obra nova e certificado da inscrición no Rexistro, facendo constar a afectación da obra ao fin da entidade.*
  - Certificación da entidade conforme se incorporou o ben ao inventario da entidade.*
  - No caso de adquisición de inmobles, copia simple da escritura de compra venda, onde conste a subvención recibida, a forma de pago e a obriga de destinar o inmovible ao fin previsto no período mínimo de dez anos, e inclusión da necesidade de solicitar autorización a entidade ou entidades que subvencionaron para calquera acto de disposición, alleamento ou gravame sobre o mesmo.*
  - Certificado da inscrición rexistral facendo constar as cargas anteriores.*
- 2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  - a) Unha relación clasificada dos gastos totais da obra ou inversión, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
  - b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. (posible devolución conforme ao establecido no apartado c)). Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
    - Número e no seu caso serie.*
    - Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
    - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
    - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*

- *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
  - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
  - *Lugar e data de emisión.*
  - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*
- c) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención.*
- d) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
3. *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
- a) *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  - b) *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
  - c) *Que a entidade ou asociación está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social (conforme ao estipulado no art. 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).*
  - d) *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
  - e) *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17,3 e 33,3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.)*

### **DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES**

*Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión*

*dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

*As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO**

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.*

*Antes de proceder ao pago das subvencións a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos en que a subvención outorgada (Progama I e Progama II) non supere os 3.000 € conforme o estipulado no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

#### **DÉCIMO SEXTA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

*Perdida do dereito ao cobro:*

*Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, especialmente:*

- As obrigas ás que se condiciona o pago da subvención*
- O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención*
- A variación da finalidade da actuación*
- A falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta*
- A obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da subvención municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Nulidade, reintegro, infracción e sancións:*

*En canto as causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS).*



*Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

*En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no capítulo IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.D. 887/2006, de 21 de xullo.*

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/9, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei / 1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO OITAVA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### **22(629).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E URBANIZACIÓN DO ENTORNO DO RECINTO ARQUEOLÓXICO DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 4937/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 4.05.09, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2008, aprobou a adxudicación definitiva á empresa “Obras, Reformas y Saneamientos, S.L.” das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila romana de Toralla (expte 4472-307), por un prezo total de 98.159,99 euros.*

*Sendo preciso o nomeamento da dirección facultativa destas obras, proponse nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais. Ademais, considérase necesario o nomeamento de Fernando Vilaboa Pérez como encargado xeral das obras obxecto de dito contrato.*

*Segundo o recollido no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, é preceptiva a aprobación polo Coordinador de Seguridade e Saúde, do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa constructora.*

*Así, a adxudicataria, ORESA, S.L., presenta o plan de seguridade e saúde axeitado á execución, que informa favorablemente o Coordinador de Seguridade e Saúde, Juan Luis Piñeiro Ferradás, arquitecto municipal.*

*Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*1.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de dirección facultativa das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila romana de Toralla.*

*2.- Nomear ao funcionario municipal Fernando Vilaboa Pérez, encargado xeral das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila romana de Toralla.*

*3.- Nomear ao arquitecto municipal, Juan Luis Piñeiro Ferradás, Coordinador de Seguridade e Saúde das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila romana de Toralla.*

*4.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila romana de Toralla, informado favorablemente por Juan Luis Piñeiro Ferradás.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(630).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O MESES DE MARZO E ABRIL-2009. EXPTE. 4936/307.**

Mediante escrito de data 29.04.09, en cumprimento coa base 31ª das de execución do presuposto municipal, o concelleiro de Patrimonio Histórico dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos menores tramitados durante os meses de marzo e abril do ano 2009 e que son os seguintes:

NºExp	Serv	Asunto	0.00 €	Adxudicatario
4817	307	MANTENIMENTO DE ELEMENTOS DE PATRIMONIO HISTÓRICO	7.000,00 €	
4816	307	ADQUISICIÓN DE PLANTAS DE TEMPORADA PARA XARDÍN HCO DO PAZO DE CASTRELOS	4.300,00 €	
4841	307	CONTRATO MENOR ASISTENCIA TÉCNICA NAS INTERVENCIÓNS DE PATRIMONIO HCO	20.053,28 €	
4867	307	CONTRATO MENOR PROGRAMA DIVULGACIÓN ARQUEOLÓXICA MES ABRIL 2009	1.946,43 €	
4868	307	CONTRATO MENOR PARA RESTAURACIÓN DE BIENES MUEBLES DO PATRIMONIO HCO	1.434,15 €	LUA VERDE
4892	307	ASISTENCIA TECNICA COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO REMODELACIÓN DO EIXO RÚAS EL DUAYEN E PASEO DE ALFONSO. FASES A, B E C. FEIL	20.874,20 €	PETTRA
4891	307	ASISTENCIA TECNICA DIRECCION OBRA DO PROXECTO REMODELACIÓN EIXO RÚAS EL DUAYEN E PASEO DE ALFONSO. FASES A, B E C. FEIL	20.874,20 €	PETTRA
4890	307	ASISTENCIA TÉCNICA COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DO PROXECTO EXECUCIÓN DA REURBANIZACIÓN DA RÚA SANTIAGO.	3.113,45 €	PETTRA
4889	307	ASISTENCIA TÉCNICA DIRECCIÓN OBRA DO PROXECTO EXECUCIÓN DA REURBANIZACIÓN DA RÚA SANTIAGO.	6.226,89 €	PETTRA
4888	307	ASISTENCIA TÉCNICA DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DAS RÚAS POBOADORES E SAN FRANCISCO.	7.443,28 €	PETTRA
4887	307	ASISTENCIA TÉCNICA DA DIRECCIÓN OBRAS DAS RÚAS POBOADORES E SAN FRANCISCO. FEIL	14.886,55 €	PETTRA
4886	307	ASISTENCIA TÉCNICA DIRECCIÓN OBRAS DAS RÚAS PEÑASCO, SAN BERNARDO, XUANELO, SAN XULIÁN (FEIL).	7.888,81 €	TECPRO INGENIERIA CIVIL SL
4885	307	ASISTENCIA TÉCNICA DIRECCIÓN OBRAS RÚAS BALLESTA, GAMBOA, FERMÍN PENZOL, XOAQUÍN YAÑEZ.	13.471,76 €	TECPRO INGENIERIA CIVIL SL
4884	307	ASISTENCIA TÉCNICA DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DAS RÚAS PEÑASCO, SAN XULIÁN, SAN BERNARDO E XUANELO (FEIL).	3.944,41 €	INCOSA, S.A.
4883	307	ASISTENCIA TÉCNICA DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS MELLORA ENTRAMADO VIARIO DAS RÚAS BALLESTA, GAMBOA, FERMÍN PENZOL, XOAQUÍN YAÑEZ.	6.735,88 €	INCOSA, S.A.
4880	307	ASISTENCIA TÉCNICA COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO DE VIGO	1.623,00 €	ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA
4879	307	ASISTENCIA TÉCNICA COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS CRUZ VERDE E ABELEIRA MENENDEZ	3.269,00 €	GOC, S.A.
4878	307	ASISTENCIA TÉCNICA COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DAS RÚAS FERREIRÍA, SAN SEBASTIÁN E SUBIDA Á COSTA.	5.743,53 €	GOC, S.A.
4877	307	ASISTENCIA TÉCNICA DIRECCIÓN OBRA PROXECTO URBANIZACIÓN RÚAS CRUZ VERDE E ABELEIRA MENENDEZ.	5.494,11 €	GOC, S.A.
4876	307	ASISTENCIA TÉCNICA DIRECCIÓN OBRA PROXECTO URBANIZACIÓN RÚAS FERRERÍA, SAN SEBASTIÁN E SUBIDA Á COSTA (FEIL)	11.487,05 €	GOC, S.A.
4907	307	CONTRATACIÓN CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO URBANIZACIÓN RÚAS FERRERÍA, SAN SEBASTIÁN E SUBIDA Á COSTA.	6.420,94 €	AMBIOTEC

4906	307	CONTRATACIÓN CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO URBANIZACIÓN RÚAS CRUZ VERDE E ABELEIRA MENENDEZ.	6.420,94 €	AMBIOTEC
4905	307	CONTRATACIÓN CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DAS RÚAS POBOADORES E SAN FRANCISCO.	7.389,20 €	MAR LÓPEZ CORDEIRO
4904	307	CONTRATACIÓN CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA SANTIAGO.	4.257,20 €	MAR LÓPEZ CORDEIRO
4903	307	CONTRATACIÓN CONTROL ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS MELLORA ENTRAMADO VIARIO DAS RÚAS BALLESTA, GAMBOA, FERMÍN PENZOL E XOAQUÍN YAÑEZ.	2.772,40 €	LESERING
4902	307	CONTRATACIÓN CONTROL ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS MELLORA DO ENTRAMADO VIARIO DAS RÚAS PEÑASCO, SAN XULIÁN, SAN BERNARDO E XUANELO.	1.940,68 €	LESERING
4913	307	ADQUISICIÓN PLANTA DE TEMPORADA PARA XARDÍNS DO PAZO QUIÑONES DE LEÓN.	4.900,00 €	
4927	307	CONTRATACIÓN COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS INFRAESTRUCTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS NO CASCO VELLO DE VIGO.	1.508,00 €	CPM ESTUDIO
4926	307	CONTRATACIÓN DIRECCIÓN OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS NO CASCO VELLO DE VIGO.	20.874,20 €	BRETEMA CONSULTING

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **24(631).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS POLICÍAS LOCAIS QUE REALIZAN FUNCIÓNS DE ACOMPAÑAMENTO TENENCIA DE ALCALDÍA. EXPTE. 18814/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*En data 29 de xuño do 2007 o Tenente de Alcalde solicitou que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 -ambos membros do Corpo da Policía Local coa categoría de gardas- lle presten apoio persoal no desenvolvemento das súas funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado.*

*Considerando a petición formulada, así como as especiais necesidades manifestadas polo Tenente de Alcalde, e no uso das competencias que en canto á xefatura do Corpo da Policía Local ostenta a Alcaldía-Presidencia segundo preceptúa o artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto ao réxime xurídico dos municipios de grande poboación, a Alcaldía-Presidencia resolveu, en data 10 de xullo de 2007 dispoñer que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218, gardas do Corpo da Policía Local, realicen funcións de asistencia persoal e apoio ao Tenente de Alcalde, Sr. D. Santiago*

*Domínguez Olveira, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas do mesmo, sen prexuízo das competencias reservadas ex lege á Alcaldía-Presidencia polo artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.*

*Posteriormente, por resolución da Alcaldía Presidencia de data 1 de decembro de 2008 se deixa sen efecto a asignación de funcións de asistencia persoal e apoio ao Tenente Alcalde realizada a favor do funcionario D Juan Pablo Alonso Rodriguez con DNI 36.075.555 e nº de persoal 18218 e se dispon que D Manuel Antonio Vazquez Rodriguez , con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, adscrito ao Servizo da Policía Local pase a realizar ditas funcións.*

*Os devanditos funcionarios, D. José Luis Pérez Costas e D Manuel Antonio Vazquez Rodriguez continuarán adscritos aos seus respectivos postos de traballo, percibindo as retribucións inherentes aos mesmos de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poda acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla.*

*En data 1 de xaneiro de 2009, o Tenente Alcalde, D Santiago Dominguez Olveira solicita o aboamento dun complemento de produtividade aos funcionarios citados pólo importe correspondente as diferencias retributivas existentes em canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, entre o período correspondente entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2008, no caso de D D. José Luis Pérez Costas e no caso de D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez no período comprendido entre a data da resolución de encomenda de funcións ao 31 de decembro de 2008.*

*Os postos 134 policía local están retribuídos no ano 2008 cun importe mensual de CD (14) de 313.81 € e un CE (50) de 640.27 €. Os postos 162 oficial conductor da Alcaldía retribúense cun importe mensual de CD (16) de 360,02€ e un CE (130) de 988.93€*

*Polo tanto, a diferenza entre ambos postos supón un total mensual de 394.87 € ao mês, do que 46.21 € corresponden a diferenza no complemento de destino e 348.66 € a diferenza no complemento específico.*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interés e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.*

*Pólo anteriormente exposto e segun a instrucción de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10 de febreiro de 2009, e vistos os feitos precedentes, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, pólo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, pólo período comprendido entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2008 a cantidade de 2369,22 € a D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e dado que D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez encomendaránselle as funcións de asistencia persoal e apoio ao Ilmo Sr Tenente Alcalde en data 1 de decembro de 2008, corresponderíalle a cantidade de 394,87 €.*

*Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral:*

- O Aboamento, pólo período comprendido entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2008 a cantidade de 2369,22 € a D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e a D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez polo período comprendido entre o 1 ao 31 de decembro de 2008, a cantidade de 394,87 €.*

*Dese traslado do presente acordo aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(632).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2009. EXPTE. 18940/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, ao persoal que figura na relación que se achega e que comeza por Amoedo García, Antonio e remata por Prieto Domínguez, Florentino as cantidades que figura para cada un deles e que ascenden a un total de 108'60 € (CENTO OITO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), correspondente ao mes de Marzo de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**26(633).- SOLICITUDE DE PRODUTIVIDADE AO FUNCIONARIO D. ROSENDO GONZALO COVELO ROMA POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS 4º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 8409/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, de data 12 de maio de 2008, encomendouse provisionalmente ao funcionario administrativo de Administración xeral D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, adscrito ao Servizo de Deportes, funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do servizo, considerando as necesidades organizativas do Verbum-Casa das Palabras que se demandan polo Ilmo. Sr.Tenente de Alcalde, recollidas en escrito de 12 de maio de 2008, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público,

*Da devandita Resolución douse conta a Xunta de Goberno local , na súa sesión de data 19 de maio de 2008.*

*En data 22 de xaneiro de 2009 recibese no servizo de RR.HH proposta de aboamento dun complemento de produtividade ao devandito funcionario pola acumulación temporal de funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras, para o período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008, asinada polo coordinador da Tenencia de Alcaldía, co conforme dos concelleiros delegados de Cultura e Deportes. No escrito citado se citan as actividades desenvolvidas durante o período citado.*

*O art. 23 da Ley 30/84 en relación coa disposición final cuarta e derogatoria única da Lei 7/2007 de 12 de abril, , o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as canti-*

*dades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.*

*Asi mesmo, nas vixentes instruccións de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.*

*Na Resolución de data 12 de maio de 2008, sinalase que se lle encomendan as funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras ao funcionario D Rosendo Gonzalo Covelo Roma, sendo clarexado dita acumulación en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras (Expte 8030/333)*

*Na proposta do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2009, relacionase os proxectos desenvolvimos polo funcionario D Rosendo G Covelo Roma no período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008.*

*Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, o funcionario D . Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, disfrutou do seu período vacacional no mes de setembro e non tivo ningunha baixa por IT do 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008.*

*Vistos os feitos precedentes pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

- O recoñecemento ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, o aboamento dun complemento de produtividade por importe de 2155,11 € en aplicación do recollido no apartado terceiro a) das vixentes instruccións de plantilla pola que con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, por motivos de urxencia, entendendo a acumulación do posto de Director Verbum Casa das palabras, por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado, polo período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008*

*Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*



**27(634).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR PRESTAR SERVICIOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DA ENTREGA DE MEDALLAS AOS VIGUESES DISTINGUIDOS DE 2009. EXPTE. 18941/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

*A Xefatura da Policía Local remite a esta Unidade de Persoal con data 2 de abril de 2009, oficio relacionando os funcionarios que con motivo da entrega de medallas os Vigueses Distinguidos, prestraron servizos de Gran gala.*

*Considerando que a instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2009, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:*

- Actos de máis de 4 horas de duración: 118,22 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,04 €.

*Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:*

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>Importe</i>
22250	Conde Vázquez, Manuel	118'22 €
79383	Calvar Rios, Moises	118'22 €
21025	González García, Katia	118'22 €
79115	Fernández González, David	118'22 €

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da entrega de medallas os Vigueses Distinguidos de 2009, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que comenza por don Manuel Conde Vázquez e remata por don David Fernández González por unha cantidade total de 472'88 €”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(635).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR PRESTAR SERVICIOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DA RECONQUISTA DE 2009. EXPTE. 18942/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

*A Xefatura da Policia Local remite a esta Unidade de Persoal con data 2 de abril de 2009, oficio relacionando os funcionarios que con motivo da celebración da Día da Reconquista, prestraron servizos de Gran gala.*

*Considerando que a instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2009, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:*

- Actos de máis de 4 horas de duración: 118,22 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,04 €.

*Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:*

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>Importe</i>
77023	González Fernández, Pablo José	118'22 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	118'22 €
23975	Vivero Mijares, Guillermo	118'22 €
78283	Suárez Piñeiro, David	118'22 €

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración do Día da Reconquista de 2009, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que comenza por don Pablo González Fernández e remata por don David Suárez Piñeiro por unha cantidade total de 472'88 €”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(636).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2009. EXPTE. 18943/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de MARZO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**30(637).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2009. EXPTE. 18944/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de MARZO-09, e que ascenden a un total de 1.016'40 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**31(638).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2009. EXPTE. 18945/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as

cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mês de Marzo 2009 e que ascenden a un total 487'32 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**32(639).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULOS LIXEIROS MUNICIPAIS SEN SER OFICIAIS-CONDUTORES, CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE-2009 DOS SERVIZOS DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS; EXTINCIÓN DE INCENDIOS; ELECTROMECAÑICOS; PARQUE CENTRAL; EDUCACIÓN; PARQUE MÓBIL; CULTURA E LIMPEZA. EXPTE. 18956/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardins, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Educación, Parque Mobil, Cultura, Sanidade e Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 3.713'74 €, correspondentes ó 1º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

**33(640).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE-2009. EXPTE. 18955/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do Parque Móvil e Parque Central de Servizos, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2009, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don Florentino Prieto Domínguez (Parque Móvil) e D Miguel Angel Alonso Alonso (Parque Central de Servizos) e que ascenden a un total de 2.037'93 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**34(641).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO-2009. EXPTE. 18948/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 28.04.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	NOME	MES	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	De Pardelals Avion, A. Avelino a Sousa Atrio, Jose Manuel	marzo	264,66	276,42	541,08
I.M.D.	Rial Estevez, Francisco	marzo	145,36	59,62	204,98
1ª Tenencia Alcaldía	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel Antonio	marzo	152,38	48,78	201,16
Alcaldía	De Costas Fernandez, Basilio a Abalde Comesaña, Raquel	marzo	673,68	78,59	752,27
Bombeiros	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	marzo	29.513,60	18.243,72	47.757,32
Cemiterios	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	marzo	2.354,87	0,00	2.354,87
Limpeza	De Hermida Sanmartin Juan Jose a Lojo Pancorbo Jose Manuel	marzo	304,76	785,90	1.090,66
Parque Central	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	marzo	1.086,71	756,09	1.842,80
Vias e Obras	De Amoedo Mosquera, José Luis a Fernández González, Miguel A	marzo	96,24	0,00	96,24
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	marzo	1.604,00	756,09	2.360,09
Conserxería	Vaqueiro Herbello, Mª Teresa	marzo	20,05	0,00	20,05
Parque Móbil	De Alvarez Berardez, Amador a Vulcano Ferreyra J. Genaro	marzo	1.631,07	1.212,73	2.843,79
Policía Local	De Abalde Casanova, Ivan a Viveiro Mijares, Juan Guillermo	marzo	41.631,90	28.971,88	70.603,78
Policía Local (xornada en exceso)	De Agahwa Martínez, Celina a Villar Silva, Aida	marzo	4.544,37	571,78	5.116,16
Policía Local (xulgados)	De Alonso Couñago, César a Viveiro Mijares, Juan Guillermo	marzo	4.940,32	0,00	4.940,32
Museo Quiñones de León	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	febreiro	465,16	0,00	465,16
Museo Quiñones de León	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	marzo	319,80	0,00	319,80
Biblioteca Central	De Romero Falque, Xosé Luis a Jellusich Diz, Mª José	marzo	80,20	0,00	80,20
Estadística	De Agra Abalde, José Angel a Vázquez de Francisco, José Luis	marzo	2.778,93	0,00	2.778,93
TOTAIS.....			92.608,06	51.761,60	144.369,66

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 144.369,66 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**35(642).- AUTORIZACIÓN DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO FORMULADA POR D<sup>a</sup> MARÍA JOSEFA PORTEIRO GARCÍA. EXPTE. 18994/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 6.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*En escrito de data 6 de maio de 2009 (documento nº 90065694) a empregada laboral desta Corporación D<sup>a</sup> María Josefa Porteiro García, con DNI 35.996.629-L e nº de persoal 76562, solicita o reingreso ao servizo activo con efectos do día 6 de maio do 2009 por cesación como delegada da Xunta de Galicia en Bos Aires coa mesma data.*

*A referida traballadora municipal suxeita ao réxime laboral atópase en situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2007, con dereito á reserva do posto de traballo.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*O artigo 46.1 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, establece que quenes se atopen en situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público, terá dereito á reserva do posto de traballo aí como ao cómputo da antigüidade. Debendo solicitalo reingreso dentro do mes seguinte ao cese no cargo público.*

*II. Vistas as competencias que en materia de persoal a Xunta de Goberno Local ostenta consonte ao disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

*“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso da traballadora municipal suxeita ao réxime laboral, con DNI 35.996.629-L e nº de persoal 76562, na súa praza de técnica de relacións públicas, posto da mesma denominación cod. 400.02, código retributivo 079 da vixente Relación de Postos de Traballo, aprobada o 21/01/2009 pola Xunta de Goberno Local) no Servizo Xefatura Xerencia de Urbanismo cod.400, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados e con efectos económicos e administrativos do día da súa petición, 6 de maio de 2009.*

*SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Sra. Xerenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizos Centrais da Xerencia, Intervención Xeral Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Seguridade Social, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) .*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía*

*administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **36(643).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE CONDUTORES ALCALDÍA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2008 E 1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 18972/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 27.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes.-*

*Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.*

*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de productividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*O xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 24 de abril de 2009, solicita se lles aboe un complemento de productividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.*

*A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, en concreto a citada instrución 3ª j), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servicios como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridade da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servicio da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación”.*

*O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servicio da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.*

*En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.*

*Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 5,01 € hora normal e de 7,59 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:*

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 4.099,69 €.*
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 974,96 €.*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*



*“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante o mes de decembro de 2008 e o primeiro trimestre do presente ano 2009, de conformidade coa proposta do xefe do Servizo de Protocolo e RR.PP, de data 24 de abril de 2009:*

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 4.099,69 €.*
- *D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 974,96 €.*

*Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **37(644).- REINTEGRO DE HONORARIOS EN CONCEPTO DE DEFENSA XURÍDICA A D. ARSENIO DÍAZ DEL RIO FERY. EXPTE. 18975/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.09, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.04.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 25 de febreiro de 2009, D. Arsenio Díaz del Río Fery, xefe da Area de Contratación e Novos Proxectos (doc. 90026263), presenta escrito a través do Rexistro Xeral deste Concello, no que solicita que previos os trámites oportunos selle reintegre a cantidade de 6.960,00 € correspondentes a honorarios satisfeitos ao Letrado D. José M<sup>a</sup> Criado del Rey de Haz, por defensa xurídica na que-rella criminal que no seu día foi presentada contra a súa persoa por determinadas actuacións derivadas do seu cargo como Xefe de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo ante o Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo, nos autos 7096/96 e do que resultou o sobreseimento e o arquivo da causa.*

*Con data 20 de abril de 2009, o Títular da Asesoría Xurídica, informa favorablemente a minuta presentada.*

*A Lei 7/2007, do 13 de maio, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos, suposto que concorre no presente caso.*

*O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como*

consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan se se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extra-limitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competenciais relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local artigos 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, PROPONSE, previo o preceptivo informe de fiscalización que emita a Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Autorizar o aboamento con cargo a partida 121.0.226.03.00, dos gastos xudiciais ocasionados ao funcionario D. Arsenio Díaz del Río Fery, DNI 32.600.835-Z, con nº de persoal 15131, xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, como consecuencia da defensa xurídica na quere-la criminal que no seu día foi presentada contra a súa persoa por determinadas actuacións derivadas do seu cargo ante o Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo, nos autos 7096/96 e do que resultou o sobreseimento e arquivo da causa, que se concretan nun montante de 6.960,00 €, segundo factura obrante no expediente administrativo emitida polo avogado D. José María Criado del Rey Haz e de conformidade co informe emitido polo Titular da Asesoría Xurídica municipal de data 20 de abril de 2009.

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **38(645).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO “XANTAR-ROMERÍA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS” NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 762/107.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 5.05.09, conformado polo tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Autorizar a celebración o vindeiro 17 de maio de 2009 do evento XANTAR-ROMERÍA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS no parque de Castrelos durante todo o día.
- 2.- Autorizar a montaxe e desmontaxe deste evento dende o sábado 16 de maio ata o domingo 17 de maio de 2009.

**39(646).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS. EXPTE. 2821/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 7.05.09, o informe de fiscalización do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 31.03.09, conformado polo concelleiro delegado de Industria, Comercio, turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión da subvención de 12 bolsas de formación para as oficinas de turismo e servizos do Concello de Vigo para o período comprendido entre o 16 de xuño ata o 15 de outubro de 2009, que de seguido se transcriben.

2º.- Autorizar o gasto de 43.200 euros que se imputará á partida 7510.4810000 “Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro”, do presupostomunicipal de 2009, que permite dotar 12 bolsas x catro meses x 900 euros= 43.200 euros.

3º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

*BASES XERAIS E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS (ANEXO I)*

*PRIMEIRA.- Obxecto da subvención.*

*O obxecto das bolsas ou subvencións a que se refiren as presentes bases reguladoras e convocatoria é a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de outubro de 2009.*

*No caso de que, por calquera causa, o Concello tivera que alterar a data de comezo das prácticas o remate destas adiantarase ou atrasarase tantos días como días se teña adiantado ou atrasado o inicio.*

*O contido dos traballos a desenvolver como prácticas será o que segue:*

- 1. Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.*
- 2. Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.*

3. *Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.*
4. *Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para reco-llar o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.*
5. *Actualización do inventario de recursos turísticos.*
6. *Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.*

*A condición de bolseiro/a non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo ou calquera outra administración pública, polo que a concesión da bolsa non dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os titulares da bolsa serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que a devandita axuda económica poda entenderse como unha contra-prestación dos traballos que, como prácticas, eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuíta de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.*

*SEGUNDA.- Contía total e crédito orzamentario.*

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 43.200 euros (corenta e tres mil douscentos euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 7510. 4810000 "Transferencias a Familias e Institucións". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia, debéndose, neste caso, tramitar previamente o correspondente expediente de gasto, que será obxecto de fiscalización.*

*TERCEIRA.- Compatibilidade da subvención.*

*A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas de calquera outra administración pública de similar contido e alcance.*

*CUARTA.- Requisitos dos bolseiros/as*

*Ademais dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:*

- *Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concorrer a esta convocatoria os/as so-*

*licitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.*

- *Non poderán optar ás bolsas de prácticas as persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei de subvencións de Galicia, para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recolle o dito artigo*

*QUINTA.- Obrigas dos beneficiarios.*

*Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense á realización das prácticas con plena dispoñibilidade, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinala a Xefatura do Servizo de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios, se as circunstancias o esixen e sen pasar nunca do límite mencionado.*

*Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós bolseiros/as durante o período que abrangue a bolsa a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan. O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.*

*Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, así mesmo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como a incorporar diariamente á base de datos municipal os datos estadísticos recollidos cada día durante o desenvolvemento do seu traballo.*

*Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante a vixencia da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.*

*Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da bolsa en cuestión, no que se precisarán cantas obrigas complementarias resulten necesarias para o adecuado cumprimento do fin da bolsa, particularmente as que permitan emitir a certificación de asistencia dos bolseiros.*

*Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.*

*SEXTA.- Criterios de adxudicación da subvención e ponderación deles.*

*Primeiro.- A prelación entre as solicitudes para a adxudicación das bolsas farase en función dos resultados dos criterios de valoración, que se desenvolverán en tres fases:*

- a) Primeira fase: exercicio sobre coñecemento de Vigo.*

- b) Segunda fase: entrevista persoal.
- c) Terceira fase: avaliación de méritos e titulacións.

Segundo.- Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:

1.- Nota media

Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos de turismo, do seguinte modo:

Sobresaínte: 1 punto.  
 Notable: 0,5 puntos.

2.- Cursos de formación en materia de turismo.

Máster de Turismo: 1 punto  
 Cursos de postgrado: 0,5 puntos.

Non se valorarán os cursos inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficiais expedidos por organismos públicos.

3.- Idiomas

3.a) Por cada curso superado na Escola Oficial de Idiomas, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma: 0,50 puntos.

3.b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.

<u>IDIOMA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
---------------	-------------------	-------------------

GALEGO	<i>Curso de iniciación de galego ou título homologado</i>	0.25	<i>Non acumulable</i>
	<i>Curso de Perfeccionamiento de galego ou título homologado</i>	0.5	
	<i>Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</i>	1	
	<i>Estar a cursar unha Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias</i>	1	
	<i>Ter cursado nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas</i>	0,5	
	<i>Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa</i>	1	
INGLÉS	<i>First Certificate in English (FCE) University of Cambridge</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
	<i>Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge</i>	1	
	<i>Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge</i>	1	
	<i>Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)</i>	1	
	<i>Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University</i>	0.5	
	<i>Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University</i>	1	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.</i>	0.5	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.</i>	1	
	<i>Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés</i>	0.5	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
<i>Licenciatura en Filoloxía Inglesa</i>	1		

FRANCÉS	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 1er degré	0.5	Non acumulable
	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 2eme degré	1	
	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	1	
	Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)	0.5	
	Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)	1	
	Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	1	
ALEMÁN	Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	0.5	Non acumulable
	Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Alemana	1	



ITALIANO	<i>2º curso do Instituto Italiano de Cultura</i>	<i>0.5</i>	<i>Non acumu- lable</i>
	<i>3er curso do Instituto Italiano de Cultura</i>	<i>1</i>	
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	<i>0.5</i>	
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	<i>1</i>	
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena</i>	<i>0.5</i>	
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena</i>	<i>1</i>	
	<i>Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3</i>	<i>1</i>	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira</i>	<i>1</i>	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana</i>	<i>0.5</i>	<i>Non acumu- lable</i>
	<i>Licenciatura en Filoloxía Italiana</i>	<i>1</i>	

PORTUGUÉS	<i>Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)</i>	1	<i>Non acumulable</i>
	<i>Diploma Intermédio de Português Lingua Estrangeira (DIPLE)</i>	0.5	
	<i>Diploma Avançado de Português Lingua Estrangeira (DAPLE)</i>	1	
	<i>Diploma Universitário de Português Lingua Estrangeira (DUPLE)</i>	1	
	<i>Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)</i>	0.5	
	<i>Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)</i>	1	
	<i>Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa</i>	1	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
	<i>Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa</i>	1	
	<i>Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos* nas materias: Introducción á Lingua Portuguesa, Lingua Portuguesa, Lingua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).</i>	0.5	
<i>Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía(excepto Fil. Portuguesa, Galego-Portuguesa)ou Traducción, onde consten 15 créditos* nas materias anteriores. (*O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).</i>	1		

c) Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou califica-

*cións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.*

#### *4.- Proba práctica e entrevista persoal*

*4.a) A proba práctica de coñecemento de Vigo puntuarase co máximo de 1 punto. Para superar esta fase cada aspirante deberá de acadar unha puntuación mínima de 0,5 puntos.*

*4.b) Na entrevista persoal valorarase a motivación, a iniciativa, así como o trato persoal, cun máximo de 2 puntos. Para superar esta fase cada aspirante deberá de acadar unha puntuación mínima de 1 punto.*

#### *5.- Experiencia*

*5. a) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en oficinas de información turística, ata un máximo de 3 puntos.*

*O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.*

*5. b) 0,30 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos.*

*O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.*

*IMPORTANTE: os apartados a) e b) non son acumulables. O máximo de puntos é 3 incluíndo os dous apartados.*

#### *6.- Informática*

*Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto. 0,15 puntos.*

*Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.*

*Terceiro.- No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.*

*Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.*

*No caso de que, unha vez adxudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicaráselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.*

*SÉTIMA.- Número e dotación das bolsas.*

*O número de bolsas que se concederán será de 12 e a contía de cada unha será de 3.600 euros. O importe da axuda será obxecto das retencións fiscais previstas legalmente.*

*OITAVA.- Procedemento de concesión das bolsas.*

*O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas e o establecemento dunha prelación entre éstas, de acordo cos devanditos criterios de valoración. O procedemento se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

*NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes.*

*O prazo para presentar as solicitudes de concesión destas bolsas será de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte a publicación da presente convocatoria e bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.*

*DÉCIMA .- Solicitude e documentación.*

*As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, no prazo arriba sinalado. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases.*

*Os/as interesados/as presentarán as súas solicitudes acompañadas da seguinte documentación, por esta orde:*

- *Impreso de solicitude*
- *Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI*
- *Currículum vitae e fotografía.*
- *Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas para o mesmo período.*
- *Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.*
- *Certificación académica completa ou fotocopia cotexada na que se reflicta a nota global de cada curso.*

- *Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).*
- *Certificación ou fotocopia compulsada dos cursos superados na escola oficial de idiomas ou títulos equivalentes.*
- *Contrato de traballo ou certificado de prácticas, acreditativo da experiencia laboral en oficinas de información turística.*
- *Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.*
- *Declaración responsable do solicitante de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da bolsa das previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- Subsanación da solicitude.*

*Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación, ou amañe a falla, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade.*

*a) Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*b) Publicidade das subvencións concedidas.*

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

*Ademais desta publicación o listado de tódalas bolsas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Ordenación, instrucción e resolución do procedemento. Recursos.*

*A Concellería de Turismo e Comercio será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta porlo concelleiro de Turismo e Comercio, A xefa de Servizo de Turismo e Comercio e un/ha funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.*

*A Comisión de Avaliación publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, con expresión neste último caso das ra-*

*zóns da exclusión. Os solicitantes excluídos poderán presentar, no prazo de 10 días a contar desde o seguinte a dita publicación, as alegacións que estimen pertinentes en relación a dita exclusión.*

*A Comisión de Avaliación ademais das probas citadas, poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.*

*A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.*

*A Comisión Avaliadora, a través da concellería de Turismo e Comercio, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte coa avaliación realizada. A proposta de resolución conterá unha prelación coa puntuación obtida por cada aspirante admitida/o, con indicación, tanto das/oa aspirantes que acadaron a maior puntuación e polo tanto se propoñen como beneficiarias/os das bolsas, como a prelación dos/as restantes admitidoas/os, que conformarán unha lista de espera, tanto aos efectos das renuncias e baixas que se poidan producir, como a un posible incremento dos créditos dispoñibles, segundo o previsto na cláusula segunda das presentes bases.*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificárase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

*Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Turismo e Comercio a aceptación ou renuncia das axudas. Trascorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente renunciada a bolsa, que será concedida ao seguinte aspirante por orde de puntuación.*

*No caso de aceptación, achegarase a ésta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma.*

*Se, unha vez aceptada a bolsa, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma xustificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de disfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha cantidade polo período de prácticas realizado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Xustificación da subvención.*

*A realización das practicas polos/as beneficiarios/as coa dilixencia debida e o cumprimento axeitado de tódalas obrigas previstas nestas bases e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia no que supletoriamente resulte de aplicación, reflectido en informe do responsable municipal do seguemento das bolsas, que será designado polo concelleiro de Turismo e Comercio, será título xustificativo do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*A memoria dos estudos e traballos realizados, asinado polo/a bolseiro/a, na que se especificarán o programa desenvolvido e os obxectivos acadados, deberá ser presentada no prazo dos quince días seguintes ó remate do prazo das prácticas.*

*DÉCIMO QUINTA.- Aboamento.*

*O pago efectuarase por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensualidade a parte proporcional do importe total da bolsa. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas, e o seu regulamento de desenvolvemento.*

*Para o pagamento, o/a responsable do seguimento das bolsas que se designe, remitirá por meses naturais (antes do día 5 do mes natural seguinte) a Intervención Xeral Municipal:*

- a) Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguemento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.*
- b) Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia.*

*O procedemento para o seu abono será, por analoxía, o previsto nas vixentes bases de execución presupostaria para os gastos de persoal, incorporándose iste na nómina única que se tramita mensualmente no Concello.*

*DÉCIMO SEXTA.- Cese nas prácticas e reintegro da bolsa.*

*Procederá o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes desde o momento de pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 LSG e, particularmente, nos seguintes casos, que teñen a consideración de incumprimentos graves:*

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.*
- 2.- Non comezar no prazo que se sinala o desenvolvemento das prácticas.*
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia reiteradas e non xustificadas.*

*A Xunta de Goberno Local acordará o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas cos devanditos xuros de mora, a proposta do Servizo de Turismo e Comercio, previa audiencia do beneficiario e o informe negativo do incumprimento das obrigas por este.*

*Os incumprimentos polos beneficiarios das súas obrigas que non constitúan causa de cese nas prácticas e reintegro das totais cantidades percibidas darán lugar o reintegro parcial ou a non percepción parcial da subvención en función da entidade temporal das prácticas ás que afectan os incumprimentos.*

**DÉCIMO SÉTIMA.-** *Infraccións e sancións.*

*As becas estarán suxeitas ó réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

**DÉCIMO OITAVA.-** *Tratamento de datos de carácter persoal.*

*Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

**DÉCIMO NOVENA.-** *Normativa de aplicación.*

*A presente convocatoria, ademais de polo previsto nas bases reguladoras que incorpora, rexerá pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**40(647).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 3671/407.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 31.03.09, conformado polo Xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:



1)	Juan Carlos Gómez Morales (NIF 05.349.278-F)	600,00 euros
2)	Elvira Domínguez Alvarez (NIF 35.929.565-T)	900,51 euros
3)	Angel González Pérez (NIF 35.267.717-T)	600,00 euros
4)	Gabino Salgueiro Guisande (NIF 35.997.168-Y)	3.200,00 euros
5)	Promotora Marín, S.A. (CIF A-32.027.989)	600,51 euros
6)	Manuela Alvarez Domínguez (NIF 35.916.008-J)	1.000,00 euros
7)	Benito Alonso Cabrera (NIF 34.709.028-G)	6.001,00 euros
8)	Antonio González Posada (NIF 36.116.930-F)	300,00 euros
9)	Juan Álvarez Álvarez (NIF 35.997.471-X)	600,51 euros
10)	José Antonio Rojo Pereira (NIF 34.624.734-M)	300,00 euros
11)	José Rogelio Ruzo Rodríguez (CIF 35.540.452-R)	300,00 euros
12)	M <sup>a</sup> Olivia Alvarez Rodríguez (NIF 35.813.860-P)	300,00 euros
13)	Isidro Molares Silveira (NIF 36.070.190-A)	3.000,00 euros
14)	Enrique Costas Bastos (NIF 35.965.242-G)	1.000,00 euros
15)	Azliena Gestion, S.L. (NIF B-36.942.803)	600,00 euros
16)	Jose M <sup>a</sup> Ramilo Pintos (NIF 35.817.668-K)	1.000,00 euros
17)	Guillermina Costas Fernández (NIF 35.922.585-N)	3.000,00 euros
18)	Mar Neptuno, S.L. (CIF B-36.824.027)	1.000,00 euros
19)	Apolinar Vieitez Vázquez (NIF 35.815.517-D)	1.000,00 euros
20)	Amelia Costas Mallo(NIF 35.934.795-D)	1.500,00 euros
21)	Lavandería Rabudáns, S.L. (CIF B-36.802.932)	300,00 euros
22)	Jorge Luis García Guía (NIF 39.456.308-S)	1.000,00 euros
23)	Pilis de Orense, S.L. (CIF B-36.824.902)	2.000,00 euros
24)	Ramón Abel Parcero Comesaña (NIF 36.062.244-S)	1.500,00 euros
25)	Jesús Rodríguez Soto (NIF 35.945.184-W)	1.500,00 euros
26)	Juan Antonio Gayoso Lamas (NIF 34.868.099-F)	1.000,00 euros
27)	Francisco Javier López Ferreira (NIF 36.070.370-E)	1.000,00 euros
28)	Fermín Prado Hermida (NIF 36.080.208-Q)	1.000,00 euros
29)	Luisa Fortunato Zarza (NIF 35.976.060-N)	1.000,00 euros
30)	Sara Novoa Paz (NIF 35.985.424-S)	600,00 euros
31)	Rafael Arias Fernández (NIF 35.956.834-Z)	600,00 euros
32)	José Luis Sanjurjo García (NIF 35.995.794-N)	1.500,00 euros
33)	Gonzalo Macías Ruibal (NIF 10.080.158-V)	1.000,00 euros
34)	Manuel Pardellas Rodríguez (NIF 34.924.406-X)	300,00 euros
35)	Francisco Rafael Alvarez Martínez (NIF 36.105.295-X)	2.000,00 euros
36)	Ana Celia Bastero Alonso (NIF 36.130.836-K)	600,00 euros
37)	Margarita Pazo Rodríguez (NIF 35.874.062-L)	900,00 euros
38)	Paula Rey Gómez (NIF 44.458.362-Y)	300,00 euros

**41(648).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO S.L. POR OBRAS NA RÚA URUGUAY. EXPTE. 55633/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 04/09/2006 autorizouse a CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 50101/250, cunha ocupación de 11 m2 na rúa Uruguay para edificación dun inmovible con licenza 44717/421, constituíndo un aval bancario de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200600041714 de data 04/09/2006.

*Solicitada a devolución do aval bancario con data 08/05/2008 e número de documento 80057267 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.*

*Na inspección realizada con data 15/03/2009, indícase que o valo de obra foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución do aval bancario de 3.000 € (tres mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución do aval bancario de 3.000 € (tres mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **42(649).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6232/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.09, o informe de fiscalización do 8.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 8.05.09, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións preparatorias practicadas no expediente 6232-306, confirmando á orde de inicio do expediente asinada pola concelleira de Medio Ambiente de 13-02-2009.

2º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 6232-306 para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo polas causas expostas no fundamento sétimo da parte expositiva de este informe.

3º.- Aproba-lo gasto de 400.000 euros para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo que se imputarán a partida 453.3.227.01.00 dos presupostos dos anos 2009 e 1010.

4º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 13-03-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 24-04-2009.

5º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

#### **43(650).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DO PLAN DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE VIGO, FASE II. EXPTE. 3872/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica, do 7.05.09, conformado polo concelleiro delegado, que di o seguinte:

*Na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2009, da Xunta de Goberno, aprobouse o Proxecto de Modernización Administrativa do Concello de Vigo, FASE II, e a solicitude o MAP dunha subvención do 50% do proxecto cuxo importe total era de 475.600 €, polo que a subvención a solicitar era de 237.800 €.*

*Debido a un erro solicitouse una subvención de 273.000 €, polo que é necesario modificar a proposta no punto 2º, e tamén no punto 3º hai que modificar a redacción da mesma para adaptala o artículo 24 b) 3º do Real Decreto 1263/2005, por lo que se regula a colaboración económica do estado ás corporacións locais, que debe redactarse da seguinte forma:*

*3º) O Concello de Vigo, comprométese a habilitar o crédito suficiente para financiar o importe do proxecto na parte que non vai a ser obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.*

*O acordo quedaría redactado así:*

1º.- Aprobar a segunda fase do proxecto de MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE VIGO, correspondente ao ano 2009-2010, por un importe de 475.600 €.

2º.- Solicitar unha subvención do Ministerio de Administracións Públicas, dentro da liña de subvencións para a Modernización Administrativa Local (eModel, por importe de 237.800 € que corresponde ao 50 % do importe da Fase II do proxecto,cuxo inicio será no ano 2009 e terá unha duración dun ano.

3º) O Concello de Vigo, comprométese a habilitar o crédito suficiente para financiar o importe do proxecto na parte que non vai a ser obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.

4º.- Solicitouse unha axuda para financiar este proxecto, a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, para a parte específica do subproxecto “Concello sin papel”, po las que nos concederon unha axuda de 27.275 €.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local de conformidade coa precedente proposta rectifica o acordo da X.Goberno local de data 23.03.09, quedando redactado do seguinte xeito:

1º.- Aprobar a segunda fase do proxecto de MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE VIGO, correspondente ao ano 2009-2010, por un importe de 475.600 €.

2º.- Solicitar unha subvención do Ministerio de Administracións Públicas, dentro da liña de subvencións para a Modernización Administrativa Local (eModel, por importe de 237.800 € que corresponde ao 50 % do importe da Fase II do proxecto,cuxo inicio será no ano 2009 e terá unha duración dun ano.

3º.- O Concello de Vigo, comprométese a habilitar o crédito suficiente para financiar o importe do proxecto na parte que non vai a ser obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.

4º.- Solicitouse unha axuda para financiar este proxecto, a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, para a parte específica do subproxecto “Concello sin papel”, po las que nos concederon unha axuda de 27.275 €.

#### **44(651).- EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33702/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 22.04.09, asinado polo secretario e o instructor do procedemento sancionador, a Xunta de Goberno local acorda:

Impor a D. Federico Toribio Lozano, funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local, a sanción de perda de 5 días de retribucións con idéntico período de suspensión de funcións (art. 12 do RD 884/89), cos efectos previstos no art. 90 da Lei 7/07 do Estatuto Básico do Empregado Público, por se ter ausentado do servizo en situación de indisposición por razóns de saúde, sen avisar ao mando non estando impedido para iso.

**45(652).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DO COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA GALERÍA DE TIRO POLICIAL. EXPTE. 33962/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Policía Local, do 7.05.09, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transporte, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*PRIMEIRO.- O 17 de novembro de 2008 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación das obras de acondicionamento interior das dependencias desta Policía Local para a construción dunha galería de tiro e oficinas auxiliares (Expte. 33785-212), co seu correspondente proxecto de obras autorizado polos arquitectos municipais D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradás.*

*Tras seguir a tramitación oportuna, por Acordo de 30 de decembro de 2008 a Xunta de Goberno Local adxudica definitivamente as obras de construción da galería de tiro á mercantil CONSTRUCCIÓN CARDEÑOSO, S.L.*

*No referido contrato figura como responsable do mesmo o funcionario que subscribe.*

*SEGUNDO.- Actualmente estanse iniciando as actuacións para a execución da obra de construción da citada galería de tiro policial.*

*TERCEIRO.-, O 04 de maio de 2009 o arquitecto municipal D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso emite informe favorable á aprobación do plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista en execución do estudo básico de seguridade e saúde aprobado pola Xunta de Goberno Local co expediente de contratación (sesión ordinaria de data 17 de novembro de 2008).*

*No entanto o anterior, é do caso advertir que, ao tempo de informar favorablemente o plan de seguridade e saúde, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso non tiña sido designado polo órgano competente para iso como coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.*

*Por iso, solicítase informe do asesor xurídico deste servizo, que se emite mediante a conformación desta proposta.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O informe de 04 de maio de 2009 emitido polo arquitecto municipal D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso ten o seu fundamento no disposto nos art. 3.2, 4.2, 6.1, 7.1 e 7.2 e 9 do RD 1627/97 que regula as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e que configuran aquel como de carácter preceptivo e vinculante.*

*Agora ben; segundo deixouse exposto, ao emitir o informe o citado funcionario non tiña sido designado pola Xunta de Goberno Local como coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, con infracción do disposto no art. 3.2 do RD 1627/97.*

*SEGUNDO.- En orde ás consecuencias derivadas da infracción detectada, é preciso sinalar que o funcionario que realizou o informe cuestionado foi coautor do proxecto de obra aprobado co expediente de contratación, e nesa calidade coordinador en materia de seguridade e saúde na elaboración do proxecto e redactor do estudo básico de seguridade e saúde contido naquel; e, que ao tempo de realizar aquel, ten ademáis a condición de co-director facultativo da obra no sentido do art. 2.1 g) do tan citado RD 1627/97, de modo que resulta manifesta a súa competencia por razón da materia (arts. 3.3 e 7.2) para ditar o informe cuestionado.*

*Así mesmo, resulta xurídicamente indubidable a necesidade de aprobar o plan de seguridade e saúde sobre o que versa o citado informe. E tamén o nomeamento do coordinador en materia de seguridade e saúde na execución da obra, segundo dedúcese directamente do contido do proxecto da obra (apartados 1 e 2.3) aprobado co expediente de contratación.*

*Por fin, tampouco resulta dubidoso que o contido do informe non habería de variar de non haberse producido a infracción detectada.*

*Por todo iso, o vicio en que incorre o trámite merece o cualificativo de meramente anulable, e por conseguinte susceptible de convalidación con arranxo ao disposto nas normas do Capítulo IV do título V da Lei 30/92, co alcance que se sinala na parte dispositiva desta proposta.*

*En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe considera oportuno elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO*

*1º.- Nomear ao arquitecto municipal D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras para a construción dunha galería de tiro policial, obxecto do expediente 33785-212.*

*2º.- Declarar a falta de autorización do citado funcionario para emitir o informe de 04 de maio de 2009 (anexo I) sobre o plan de seguridade e saúde das citadas obras elaborado pola mercantil CONSTRUCCIÓN CARDEÑOSO, S.L. de data 22 de abril de 2009 (anexo II), conservando no entanto o seu contido en canto o citado funcionario ao ditalo era manifestamente competente por razón da materia, e o contido do seu informe non habería de variar en ningún caso de non haberse producido a infracción detectada.*

*3º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde no traballo para a execución das devanditas obras elaborado pola mercantil CONSTRUCCIÓN CARDEÑOSO, S.L.,*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**46(653).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO “REFORMA URBANA DO BARRIO DE TEIS”. EXPTE. 5915/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 30.04.09, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida conforme se establece Carta de Oferta de Financiación do Comité de Asuntos Financieros remitida data 24 de abril de 2009 á Dirección General de Fondos Europeos do Ministerio de Economía y Hacienda, para a execución do proxecto ES0037 “Reforma Urbana del barrio de Teis”, polo importe global estimado de 4.987.702 €, dos que a subvención non excederá a cantidade de 3.990.162 €.

2º.- En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art. 127.1.f) (segundo modificación introducida a través da Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos orzamentos xerais deste Concello, entre os exercicios 2009 e 2011 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento total do Proxecto, en contía máxima de 997.540,40 € (20% do custo elexible), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de subvención.

3º.- Encomendar ao xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión da subvención concedida para o proxecto ES0037 “Reforma Urbana del barrio de Teis”, cara ao desenvolvemento do mesmo conforme as instrucións remitidas que se achegan xunto coa Carta de Oferta de Financiación.

**47(654).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN “HERMANDAD DE SANTA ANA” DE BEADE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE DEMOLICIÓN E CONSTRUCCIÓN DUN NOVO PALCO E LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN. EXPTE. 4032/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico, do 6.05.09, o informe de fiscalización do 8.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de participación e Atención Cidadá, a Xunta de goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe e o anexo obrante no expediente, entre o Concello de Vigo e a “Hermandad de Santa Ana”, coa finalidade de acondicionar a praza “O Torreiro”, demoler o actual palco de música e acondicionar o local social da entidade .

2º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá don Santos Hector Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto por importe total de 200.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 4631 7800001 de Participación Cidadá.

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “HERMANDAD DE SANTA ANA” DE BEADE, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE DEMOLICIÓN E CONTRUCCIÓN DUN NOVO PALCO E LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil nove*

#### REUNIDOS

*Dunha parte, don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro delegado da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Carlos Ocampo Seijo, provisto de D.N.I. 35996439-J, actuando en representación da asociación “Hermandad de Santa Ana” de Beade (CIF:G-36648095), con enderezo social en Vigo, no Camiño Costa da Rúa nº 4. Representación que acredita con certificado do secretario da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a entidade “Hermandad de Santa Ana” de Beade, ten como fins a realización de actividades sociocomunitarias e pretende a reforma do local social, acondicionamento e mellora paisaxística da praza “O Torreiro” e a demolición do actual palco de música de Beade, o que permitirá un mellor desenvolvemento das actividades propias da asociación, incrementando dunha banda a celebración de actividades lúdicas e de fomento da participación cidadá, así como da mellora do entorno da praza na que se encontra ubicado o actual palco de música que será derruido e substituído por un novo palco multiusos, máis acorde coas necesidades dos veciños e veciñas de Vigo en xeral dos residentes na parroquia de Beade en particular.*



II.- Que o Concello de Vigo coa subvención das obras obxecto do presente convenio continúa no seu compromiso non só de garantir a participación da cidadanía senón tamén a promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., xa que este fomento entre a poboación, permite detectar, propor e colaborar na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo cultural e veciñal en xeral, e en particular a labor da “Hermandad de Santa Ana” de Beade, a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e (social, económico, humanitario, outras debidamente justificadas):

- A “Hermandad de Santa Ana” ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais na parroquia de Beade, xunto coa colaboración permanente nas actividades cidadáns organizadas por este Concello de Vigo.
- Un aspecto fundamental para asegurar o necesario desenvolvemento da hermandad, constitúeo dotar dun local social a asociación o que lle permitirá fomentar as súas actividades de organización, xestión e administración, así como a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade.
- Nos orzamentos do Concello de Vigo atopase consignada na partida 4631 7800001, polo importe de 200.000,00 € para a realización de “Reubicación palco de Beade”.

Estas circunstancias motivan a falta de convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento das accións correspondentes á primeira fase a executar no exercicio 2009 da totalidade do proxecto presentado.

- **PRIMEIRA FASE: PROXECTO DE EXECUCIÓN**
  - Demolición do actual palco
  - Estrutura e peche do local social
  - Pavimentación e elementos de protección do “Torreiro”
  - Canalización das instalacións propias da praza e do local.

Presuposto total da primeira fase: 200.000,00 €
- **SEGUNDA FASE: PROXECTO BÁSICO**
  - Reforma do local social
  - Acondicionamento e mellora paixasistiva da praza o “Torreiro”

V.- Que a entidade “Hermandad de Santa Ana” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas

*tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4032-320.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, cultural, participativo, etc.) que para a cidade de Vigo representan as devanditas actividades da entidade “Hermandad de Santa Ana”, o Concello de Vigo e a dita entidade “Hermandad de Santa Ana” conveñén a súa colaboración no ámbito das actividades sociocomunitarias e do fomento da participación cidadá e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade “Hermandad de Santa Ana” comprométese a colaborar coa Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a execución e seguimento das obras a desenvolver e, concretamente, a:*

- 1. Asumir a xestión, contratación, e cumprimento das accións obxecto do convenio.*
- 2. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
- 3. Dar publicidade da financiación das obras mediante a colocación de cartel publicitario nas obras, anunciándose o carácter público da financiación, no idioma galego. Así como, deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Alcaldía- como patrocinador das obras.*
- 4. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 5. Aboar as taxas, impostos, e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas.*
- 6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.*
- 7. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*

*Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- Respetar a estrutura organizativa da asociación “Hermandad de Santa Ana” e asinar o convenio para a realización das obras.*
- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas.*
- Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 8ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.*
- Conceder directamente á entidade “Hermandad de Santa Ana”, unha subvención por importe de 200.000,00 € co obxecto de financiar a execución das obras correspondentes a primeira fase do proxecto presentado:*
  - PRIMEIRA FASE: PROXECTO DE EXECUCIÓN*
    - Demolición do actual palco*

- *Estrutura e peche do local social*
- *Pavimentación e elementos de protección do “Torreiro”*
- *Canalización das instalacións propias da praza e do local.*

*Presuposto total da primeira fase: 200.000,00 €*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica de 200.000,00 € (DOUSCENTOS MIL EUROS), con cargo á partida 463.1.7800001, do vixente orzamento da Concellaría Participación Cidadá, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran na primeira fase do proxecto presentado. Esta cantidade seralle aboada a entidade recreativa mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2100.4866.33.2100005696.*

*Tendo en conta a natureza da subvención ao tratarse dunha inversión de capital, e para facilitar a administración do convenio, o abono da devandita subvención realizarase conforme ao estipulado na cláusula novena mediante pagamentos a conta.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Tendo en conta que a actividade a subcontratar excede do 20 % do importe da subvención será necesario contrato por escrito e autorización do Concello.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A beneficiaria a fin de dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante*

- *Colocación de cartel publicitario de cando menos 300x200 cms, nas obras, anunciándose o carácter público da financiación, no idioma galego.*
- *En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Alcaldía- como patrocinador das obra, que será subministrado polo servizo de Participación Cidadá.*

- O diseño do cartel será aprobado previamente polo servizo de Participación Cidadá.

Oitavo.- A presente subvención conforme establece o artigo 15.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, non precisa de publicación.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de xustificación, polo beneficiario, da realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento dunha inversión de capital, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta. Os devanditos pagamentos poderán supoñer a realización de pagamento fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase polo “Hermandad de Santa Ana” mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial coa súa correspondente conta xustificativa presentarase no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio e deberá incluír unha memoria final relativa ao cumprimento total das inversións obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, un rexistro fotográfico ou audiovisual.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
  - a) Unha relación clasificada dos gastos da obra xustificada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
  - b) Certificacións das obras ou facturas orixinais pola contía equivalente á xustificación presentada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
    - Número e no seu caso serie.
    - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
    - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
    - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
    - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
    - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación
    - Lugar e data de emisión
    - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e estampillados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do

*xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

- 3) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 4) *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  - *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
  - *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
  - *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No será necesario presentar nova certificación si a presentada na solicitude de concesión non rebasou o prazo de seis meses de validez.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen conforme ao proxecto presentado e dentro do ano 2009. Tendo en conta que o inicio da execución do gasto subvencionable tivo lugar con anterioridade a solicitude de subvención, non será esixible a presentación e xustificación da elección do contratista por parte da entidade beneficiaria, si ben, xustificarse na memoria do proxecto conforme ao estipulado na cláusula novena.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. Será requisito a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

#### **48(655).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.